



PORTOS
DE
GALICIA

MEMORIA 2021



PORTOS
DE
GALICIA

1. PRESENTACIÓN.....2

1.1. Introducción
ao sistema portuario
galego 2

1.2. Membros do
Consello Reitor de
Portos de Galicia 7

1.3. Informe anual 2021
da presidenta de
Portos de Galicia 9

2. RESUMO ANUAL DA ACTIVIDADE PORTUARIA 11

2.1. Mercadorías 11

2.2. Pesca fresca13

2.3. Náutica de recreo15

2.3.1. Prazas de amarre15

2.3.2 Tránsitos17

2.4. Pasaxe19

3. ESTADOS FINANCEIROS 20

3.1. Comentario aos
estados financeiros
do exercicio 2021 20

3.2 Conta do resultado
económico patrimonial
a 31/12/202121

3.3 Balance de situación
a 31/12/2021 22

3.4. Cadro de
financiamento
a 31/12/2021 23

3.4.1. Estado de orixe e
aplicación de fondos 23

3.4.2. Estado de orixe e
aplicación de fondos 23

3.4.3. Corrección ao
resultado do exercicio..... 23

3.5. Estado de liquidación
do orzamento
a 31/12/2021 24

3.6. Execución
do orzamento
de ingresos correntes 25

3.7. Resultado
orzamentario 27

3.8. Outra información
da memoria 28

3.8.1. Contratación
administrativa 28

3.8.2. Persoal de
Portos de Galicia 28

4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA 29

4.1. Obras portuarias 29

4.2. Outras obras
menores 43

5. BALANCE DE PLANIFICACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA ..46

5.1. Concesións46

5.2. Delimitación de
espazos e usos portuarios 57

5.3. Plans especiais de
ordenación portuaria 57

5.4. Convenios
Portos de Galicia 58

6. OBXECTIVOS 2022 59

MEMORIA 2021

Foto de portada:
Porto de Celeiro

1. PRESENTACIÓN

1.1. Introducción
ao sistema portuario
galego 2

1.2. Membros do
Consello Reitor de
Portos de Galicia7

1.3. Informe anual 2021
da presidenta de
Portos de Galicia 9

◀ INICIO

1.1. INTRODUCCIÓN AO SISTEMA PORTUARIO GALEGO

O SISTEMA PORTUARIO GALEGO

Ao longo dos seus 1.720 quilómetros de costa, a nosa Comunidade Autónoma conta con 128 portos. Deles, a Xunta de Galicia, a través do ente público empresarial Portos de Galicia, adscrito á Consellería do Mar, xestiona directamente 122. Os outros 6, de interese xeral, dependen do Ministerio de Fomento e son xestionados por cinco Autoridades Portuarias: **Vigo, Marín, Vilagarcía, A Coruña e Ferrol-San Cibrao**.

Dos portos autonómicos destacan pola súa actividade **Ribeira**, porto europeo con maiores descargas e diversidade en pesca de baixura, **Burela** e **Celeiro** como referentes da pesca ou **Ribadeo** e **Cariño** como principais portos comerciais autonómicos.

PORTOS DE GALICIA

O ente público empresarial Portos de Galicia, dotado de personalidade xurídica e patrimonio propio, ten encomendadas as competencias de planificación, construción, explotación, conservación e mellora dos 122 portos dependentes da Xunta de Galicia.



PORTOS
DE
GALICIA

1.720
Km. de costa

 **128**
PORTOS


 **122**
XUNTA
de Galicia

 **6**
Portos de
interese
xeral do Estado

ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

O gran número de portos e a súa distribución xeográfica é a razón pola que a organización territorial de Portos de Galicia está arte-lada en catro centros de traballo:

- **Servizos Centrais:** emprazados en Santiago de Compostela.
- **Zona Norte, costa lucense e parte da Coruña:** xestiona 16 portos desde Ribadeo ata Redes (Ares).
- **Zona Centro, coincidente coa provincia da Coruña, ex-cepto a cornixa norte:** xestiona 61 portos desde Mugar-dos ata Rianxo.
- **Zona Sur, provincia de Pontevedra:** xestiona 45 portos desde Pontecesures ata Tui.



ACTIVIDADES E DATOS RELEVANTES

Nas instalacións portuarias de Galicia conviven diversos tipos de actividades:

- As relacionadas coa pesca e o marisqueo. A principal actividade. Nos portos autonómicos descargouse o 54% da pesca galega, que á súa vez é a principal rexión pesqueira europea.
- As comerciais, coa carga e descarga de diversas mercadorías (pasta de papel, dunita, aceiro, túnidos conxelados...) a través de oito portos: Ribadeo, Burela, Celeiro, Cariño, Sada, Cee, Ribeira e A Pobra.
- As náutico-deportivas. Estas, en crecente demanda, supoñen na actualidade un catalizador para o sector turístico en Galicia e, por conseguinte, un importante dinamizador económico.

➤ As de pasaxe. Focalizadas en grande medida na provincia de Pontevedra, onde se localizan as únicas liñas regulares de tráfico de pasaxeiros, ademais das recreativas de maior afluencia de usuarios. Tamén se rexistra de xeito estacional nalgúns portos da costa da Coruña e Lugo.

➤ Practicaxe nos portos comerciais da Pobra, Ribeira, Brens-Cee, Cariño, Celeiro, Burela e Ribadeo.

INFRAESTRUTURAS DISPOÑIBLES, DATOS MÁIS RELEVANTES:



PORTOS DE GALICIA

122
INSTALACIÓNS

16
quilómetros
de diques de
abrigo

31
quilómetros
de peiraos
cun calado
máximo de 9
metros

16.431.950
metros cadrados de
superficie total


3.199.489
metros cadrados de
superficie terrestre

5.055.000
metros cadrados de
superficie total lámina de
auga abrigada

14.373
prazas de amarre en pantaláns
segundo a seguinte táboa:


PRAZAS DE AMARRE EN PANTALÁN	
ÁREA XEOGRÁFICA	TOTAL PRAZAS
A Coruña	6.734
Costa da Morte	702
Ortegal	256
Ría A Coruña - Betanzos	1.919
Ría de Arousa	2.024
Ría de Ferrol	252
Ría de Muros - Noia	1.581
Lugo	1.399
Mar Cantábrico	1.399
Pontevedra	6.240
Ría de Arousa	1.943
Ría de Pontevedra	1.737
Ría de Vigo	2.463
Río Miño	97
TOTAL XERAL	14.373

TIPO DE XESTIÓN DE PRAZAS DE AMARRE EN PANTALÁN





PORTOS DE GALICIA



LUGO

- 1 Ribadeo
- 2 Rinlo
- 3 Foz
- 4 Nois
- 5 Burela
- 6 San Cibrao
- 7 Morás
- 8 Portocelo
- 9 Viveiro-Celeiro
- 10 O Vicedo

A CORUÑA

- 11 O Barqueiro
- 12 Bares
- 13 Espasante
- 14 Ortigueira
- 15 Cariño
- 16 Cedeira
- 17 Maniños-Barallobre
- 18 O Seixo
- 19 Mugardos
- 20 Ares
- 21 Redes
- 22 Pontedeume
- 23 Miño
- 24 Perbes (embarcadoiro vinculado a Miño)
- 25 Betanzos
- 26 Sada-Fontán
- 27 Lorbé
- 28 Mera
- 29 Santa Cruz
- 30 San Pedro de Visma
- 31 Suevos
- 32 Caión
- 33 Razo
- 34 Malpica
- 35 Barizo
- 36 Santa Mariña

- 37 Corme
- 38 Ponteceso
- 39 Laxe
- 40 Camelle
- 41 Arou
- 42 Santa Mariña de Camariñas
- 43 Camariñas
- 44 Muxía
- 45 Fisterra
- 46 Sardiñeiro
- 47 Quenxe
- 48 Corcubión
- 49 Cee
- 50 O Ézaro
- 51 O Pindo
- 52 Portocubelo
- 53 Os Muíños
- 54 Muros
- 55 Esteiro
- 56 A Barquiña
- 57 O Conchido
- 58 A Barquiña
- 59 O Freixo
- 60 Noia
- 61 Testal
- 62 Boa
- 63 Portosín
- 64 Porto do Son
- 65 Corrubedo
- 66 Aguiño
- 67 Castiñeiras
- 68 A Ameixida
- 69 Insuela
- 70 Ribeira
- 71 Palmeira
- 72 A Pobra do Caramiñal
- 73 Escarabote
- 74 Cabo de Cruz
- 75 Ancados
- 76 Bodión
- 77 Taragoña-O Porto
- 78 Rianxo
- 79 Rañó

PONTEVEDRA

- 80 Pontecesures
- 81 Carril
- 82 Vilaxoán
- 83 As Sinas
- 84 Vilanova de Arousa
- 85 San Miguel de Deiro
- 86 O Cabodeiro (illa de Arousa)
- 87 O Xufre-A Illa
- 88 O Campo (illa de Arousa)
- 89 Cambados-Tragove
- 90 A Toxa
- 91 O Grove
- 92 Meloxo
- 93 Pedras Negras
- 94 Portonovo
- 95 Sanxenxo
- 96 Raxó
- 97 O Covelo
- 98 Combarro
- 99 Campelo
- 100 Pontevedra (Club Naval)
- 101 As Corbaceiras
- 102 Aguete
- 103 Bueu
- 104 Beluso
- 105 Aldán
- 106 Cangas
- 107 Moaña
- 108 Meira
- 109 Domaio
- 110 San Adrián de Cobres
- 111 Santa Cristina de Cobres
- 112 Arcade
- 113 Cesantes
- 114 Canido
- 115 Panxón
- 116 Santa Marta de Baiona
- 117 Baiona
- 118 Santa María de Oia
- 119 A Guarda
- 120 A Pasaxe
- 121 Goián
- 122 Tui



Zona SUR

- ZONA SUR**
Portos
- A Guarda
 - A Toxa
 - Aguete
 - Aldán
 - Arcade
 - Baiona
 - Beluso
 - Bueu
 - Carbodeiro
 - Cambados
 - Campelo
 - Cangas
 - Canido
 - Carril
 - Cesantes
 - Cobres
 - Combarro
 - Covelo
 - Embarcadoiro Miño
 - Goíán
 - Illa de Arousa
 - Lourido (Poio)
 - Meira
 - Meloxo
 - Moaña
 - O Campo
 - O Grove
 - Panxón
 - Pasaxe
 - Pedras Negras
 - Pontecesures
 - Pontevedra
 - Portonovo
 - Raxó
 - San Miguel de Deiro
 - Tui
 - Santa María de Oia
 - Sanxenxo
 - Tragove
 - Vilaboa
 - Vilanova de Arousa
 - Vilaxoán


Zona NORTE

- ZONA NORTE**
Portos
- Ares
 - Bares
 - Burela
 - Cariño
 - Cedeira
 - Espasante
- Foz**
Maniños (Barallobre)
Morás
Mugardos
Nois
O Barqueiro
Ortigueira
- Portocelo**
Redes
Ribadeo
Rinlo
San Cibrao
Seixo
O Vicedo
Viveiro-Celeiro




Zona CENTRO

- ZONA CENTRO**
Portos
- A Pobra do Caramiñal
 - Aguíño
 - Ameixida
 - Ancados
 - Barallobre
 - Barizo
 - Betanzos
 - Boa
 - Bodión
 - Cabana
 - Cabo de Cruz
 - Caión
 - Camariñas
 - Camelle
 - Castiñeiras
 - Cee
 - Corcubión
 - Corme
 - Corrubedo
 - Escarabote
 - Esteiro
 - Ézaro
 - Fisterra
 - Freixo
 - Laxe
- Lorbé
 - Malpica
 - Mañóns
 - Mera
 - Miño
 - Muros
 - Muxía
 - Neda
 - Noia
 - O Pindo
 - O Son
 - Palmeira
 - Ponteceso
 - Portocubelo
 - Portosín
 - Razo
 - Rianxo
 - Ribeira
 - Sada-Fontán
 - San Pedro de Visma
 - Santa Cruz
 - Suevos
 - Taragoña
 - Testal



Portos de Galicia

CONFRARÍAS DE PESCADORES




- 1 Santa María do Campo de Ribadeo
- 2 Foz
- 3 Burela
- 4 San Cibrao-Cervo
- 5 Santiago Apóstolo de Celeiro
- 6 O Vicedo
- 7 Barqueiro-Bares
- 8 Espasante
- 9 Nosa Señora do Carme de Cariño
- 10 Cedeira
- 11 San Telmo de Mugar dos
- 12 Confraría de pescadores e mariscadores de Ferrol
- 13 Santiago Apóstolo de Barallobre
- 14 Ares e San Vicente de Redes
- 15 Virxe do Carme de Pontedeume
- 16 Miño
- 17 Sada
- 18 Lorbé
- 19 Mera
- 20 Caión
- 21 Malpica
- 22 Corme
- 23 Laxe
- 24 Camelle

- 25 Virxe do Monte de Camariñas
- 26 Virxe da Barca en Muxía
- 27 Nosa Señora das Areas de Fisterra
- 28 Virxe do Carme de Corcubián
- 29 O Pindo
- 30 Lira-Carnota
- 31 Muros
- 32 San Bartolomeu de Noia
- 33 San Andrés de Portosín
- 34 San Telmo de Porto do Son
- 35 Carreira e Aguiño
- 36 San Pedro de Ribeira
- 37 Palmeira
- 38 A Pobra do Caramiñal
- 39 Virxe do Carme de Rianxo
- 40 Virxe do Carme de Cabo de Cruz
- 41 Santiago Apóstolo de Carril
- 42 Virxe do Rosario de Vilaxoán
- 43 A Pastoriza Vilanova de Arousa
- 44 San Xulián da Illa de Arousa

- 45 San Antonio de Cambados
- 46 San Martiño do Grove
- 47 San Roque de Portonovo
- 48 San Roque de Sanxenxo
- 49 San Gregorio de Raxó
- 50 San Telmo de Pontevedra
- 51 San Andrés de Lourizán
- 52 Santa María do porto de Marín
- 53 San Martín de Bueu
- 54 San Cibrao de Aldán
- 55 San Xosé de Cangas
- 56 San Martín de Moaña
- 57 Pedra da Oliveira de Vilaboa
- 58 Virxe do Carme de Arcade
- 59 Confraría Sindical de Pescadores San Xoán de Redondela
- 60 San Francisco de Vigo
- 61 A Anunciada de Baiona
- 62 Santa Tegra da Guarda

Portos de Galicia

PORTOS DEPORTIVOS



Portos de Galicia

PORTOS COMERCIAIS

1.2. MEMBROS DO CONSELLO REITOR DE PORTOS DE GALICIA



PRESIDENTA
Sra. D.ª Susana Lenguas Gil
12/7/19



DIRECTOR
Sr. D. Roi Fernández Añón
11/10/19




**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN**
Secretario xeral técnico
Sr. D. Pablo Casal Espido
29/11/20




**DX DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E
PARLAMENTARIAS DA XUNTA**
**Sra. D.ª Blanca García-
Señoráns Álvarez**
31/7/09



**CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**
Subdirector Xeral de Recursos e
Análise Orzamentaria
**Sr. D. José Francisco Hernán
Martínez**
4/2/22



**CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**
Secretario xeral técnico
Sr. D. Joaquín Macho Canales
8/2/16



**CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**
Director Xeral Mobilidade
**Sr. D. Ignacio Maestro
Saavedra**
10/4/17



**CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**
Director da Axencia Galega de
Infraestruturas
**Sr. D. Francisco Menéndez
Iglesias**
22/9/14




**CONSELLERÍA DE MEDIO
AMBIENTE, TERRITORIO E
VIVENDA**
Directora Xeral de Ordenación do
Territorio e Urbanismo
**Sra. D.ª María Encarnación
Rivas Díaz**
31/7/09



**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN**
Directora Xeral de Turismo
**Sra. D.ª María Nava Castro
Domínguez**
21/2/14



CONSELLERÍA DO MAR
Secretaria xeral técnica
**Sra. D.ª Silvia Cortiñas
Fernández**
22/9/20



CONSELLERÍA DO MAR
Directora Xeral de
Desenvolvemento Pesqueiro
**Sra. D.ª Susana Rodríguez
Carballo**
31/7/09



**CÁMARA DE COMERCIO,
INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DA
CORUÑA**
**Sr. D. Juan Antonio Quiroga
Lage**
10/4/17




**ADMINISTRACIÓNS LOCAIS POLA
PROVINCIA DA CORUÑA**
**Sr. D. Bernardo Fernández
Piñeiro**
19/11/15



SECTOR PESQUEIRO - A CORUÑA
Secretario da Confraría de Porto
do Son
Sr. D. Jesús Longueira Suárez
31/7/09



SÉCTOR NÁUTICO-DEPORTIVO
**Sr. D. Javier Ruiz de Cortázar
Díaz**
31/7/09



**CÁMARA DE COMERCIO,
INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE
PONTEVEDRA -**
Vicepresidente terceiro
Sr. D. Eduardo Barros Pereira
10/2/15

**ADMINISTRACIÓNS LOCAIS POLA
PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

**ADMINISTRACIÓNS LOCAIS POLA
PROVINCIA DE LUGO**



SECTOR PESQUEIRO
Presidente da Federación de
Confrarías de Pontevedra
Sr. D. José Manuel Rosas Otero
22/4/15



**REPRESENTACIÓN DO PERSOAL DE
PORTOS DE GALICIA**
Sr. D. Javier Novoa Casado
15/7/15



**CÁMARA COMERCIO, INDUSTRIA E
NAVEGACIÓN DE LUGO.**
Presidente da Confederación de
Empresarios de Lugo
Sr. D. Jaime Luis López Vázquez
6/3/20



SECTOR PESQUEIRO - LUGO
Patrón maior da Confraría de
Viveiro-Celeiro
Sr. D. Domingo Rey Seijas
31/7/09

1.3. INFORME ANUAL 2021 DA PRESIDENTA DE PORTOS DE GALICIA

O ano 2021 veu marcado pola pandemia da COVID 19, que modificou a totalidade dos tráficos de persoas e mercadorías a nivel mundial dende marzo de 2020. Enraizado nesta problemática xeral, a recuperación da normalidade iníciase xa case mediado o ano, polo que o peche do exercicio acusa en todos os niveis esta situación. Pese a elo, no cómputo global anual recóllense uns niveis de actividade similares á media dos anos anteriores ao 2020.

Nos 122 peiraos que conforman o sistema portuario autonómico embarcáronse e desembarcáronse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021 un total de 1,55 millóns de toneladas de mercadorías, a través dun total de 339 buques e destacando os portos de Ribadeo e Cariño. En global, produciuse un incremento dun 24% sobre as descargas de 2020, e supuxo un 5% do total do tráfico de mercadorías de toda Galicia, incluíndo os portos de Interese Xeral do Estado.

Fronte a esta cifra máis modesta de movemento de mercadorías, a principal actividade dos portos galegos vén da man da pesca fresca. Nos portos autonómicos de Galicia descargáronse neste ano máis de 77 mil toneladas de peixe fresco, supoñendo un descenso do 11% respecto ao 2020 pero que, porén, acadou valores superiores nas lonxas galegas: 265,5 millóns de euros fronte aos 250 millóns de 2020. Nos portos xestionados pola comunidade autónoma descargouse en 2021 o 54% do total da pesca fresca de Galicia (incluíndo os portos de Interese Xeral).

No relativo á náutica de recreo, a comunidade recuperou en boa medida a acollida de turismo náutico, un ámbito que Portos e Turismo de Galicia colaboran en potenciar tanto coa presenza en feiras sectoriais como coa divulgación do Camiño de Santiago por mar. En 2021 chegaron a Galicia máis de 6.600 embarcacións en tránsito, duplicando os niveis de actividade do ano anterior e que supuxeron 35.000 pernoctas de barcos de recreo, principalmente propulsados a vela, atracados nas nosas instalacións.

En canto á actividade de pasaxe, esta recupérase cun incremento do 35%, estando próximos ao millón de pasaxeiros, destacando os portos de Cangas e Moaña.

Na área de infraestruturas retomouse un maior nivel de execución de obra que no 2019, non sen dificultades pola circunstancia socioeconómica que marcou a actividade coa falta de man de obra experimentada, a incerteza de certas subministracións e o incremento de prezos. O total de investimentos foi de 10,4 millóns de euros, un 33% por riba do 2019.

Ademais, durante este ano materializouse un salto cualitativo en canto á tramitación ambiental e redacción de proxectos de dragaxe de máis dunha trintena de portos, coa contratación de 1,2 millóns de euros para esta fin, baixo un contrato único que permite unha mellor planificación e eficiencia na complexa tramitación dos mencionados expedientes. Nesta liña, en 2021 xa rexe a contratación harmonizada dun servizo por 3,1 millóns de



Celeiro

euros para a redacción dos proxectos de obra de máis de medio centenar de actuacións previstas para os vindeiros anos nas tres provincias costeiras.

Tamén se licitaron contratos de obra para a mellora de 11 instalacións aboiantes, novos edificios para dar servizo ao sector pesqueiro, acondicionamento de envoltentes de diferentes edificios portuarios, defensas, elementos de protección e dragaxes. O obxectivo destes investimentos é mellorar as condicións de traballo do sector marítimo, reforzando a seguridade e modernización das instalacións, penetrando na maior parte do territorio costeiro.

A área de explotación é garante da ordenación e xestión do solo portuario, un departamento transversal para o desenvolvemento. No ano 2021 outorgáronse unha vintena de novas concesións, ademais de tramitarse decenas de modificacións substanciais e autorizacións de ocupación e servizos. Ademais, seguimos traballando na redacción de documentos de planificación, DEUPS e plans especiais.

Ao peche do ano, Portos de Galicia ten en vigor 395 concesións demaniais que permiten a explotación do solo portuario, funcionando como un motor económico para a comunidade a través da xeración de riqueza e emprego.

MERCADORÍAS


8 peiraos

339 buques

1,55 millóns de toneladas embarcadas/desembarcadas

▲ + 24 % sobre a actividade en 2020

5% do total de tráfico de mercadorías de Galicia (incluíndo os portos de Interese Xeral do Estado)



PESCA FRESCA

77 mil toneladas de peixe fresco descargado

▼ - 11 % sobre as descargas en 2020

265,5 millóns de euros de venda en lonxa (fronte aos 250 millóns de 2020)

54% do total de pesca fresca de Galicia (incluíndo os portos de Interese Xeral do Estado)



PORTOS DE GALICIA

INFRAESTRUTURAS

10,4 millóns de euros de investimento

▲ + 33 % respecto a 2019

NÁUTICA DE RECREO

6.600 embarcacións en tránsito

▲ + 50 % respecto a 2020

35.000 pernoctas en barcos de recreo

PASAXE
1 millóns de pasaxeiros

▲ + 35 % respecto a 2020



Camariñas

Dentro das liñas estruturais de traballo da Entidade pública, temos dado pasos ao longo deste ano na convivencia cos núcleos urbanos, apostando pola integración porto-cidade daquelas superficies que non son estritamente portuarias.

Ademais, queremos seguir apostando pola investigación e innovación en infraestruturas portuarias a través da Universidade da Coruña, cun estudo integral para o deseño de estruturas aerodinámicas como medida de mitigación do vento en instalacións marítimas flotantes.

En resumo, mantemos a folla de ruta buscando e aplicando ferramentas e medios que nos permitan mellorar e dinamizar as actuacións portuarias, sempre en diálogo constante co sector: confrarías, asociacións, concesionarios, clubs deportivos... A mellora continúa grazas aos profesionais de Portos de Galicia, involucrados nos obxectivos e que teñen realizado un importante esforzo. Continuamos traballando para dar un mellor servizo, optimizando recursos de xeito que redunden en investimentos cada vez máis eficientes.

Susana Lenguas Gil
Presidenta de Portos de Galicia

2. RESUMO ANUAL DA ACTIVIDADE PORTUARIA

- 2.1. Mercadorías 11
- 2.2. Pesca fresca13
- 2.3. Náutica de recreo15
 - 2.3.1. Prazas de amarre15
 - 2.3.2 Tránsitos17
- 2.4. Pasaxe19

INICIO

2.1. MERCADORÍAS

Os portos de titularidade autonómica moveron no ano 2021 un total de 1,5 millóns de toneladas de mercadorías, o que supuxo un 5% das mercadorías que se moveron por mar en toda Galicia, sen ter en conta a pesca fresca.


Esta cifra supón un incremento, en termos netos, de preto de 303.406 toneladas respecto ao balance do ano 2020, e porcentualmente supón unha suba do 24,3%.

Os volumes de mercadorías máis importantes corresponderon, respectivamente, aos portos de Cariño, con 639.067 toneladas; Ribadeo, con 594.335 toneladas e o de Viveiro-Celeiro, con 137.017 toneladas.

En canto ás principais mercadorías embarcadas, destaca o mineral dunita no porto de Cariño, no que se moveron máis de 586.000 toneladas de mineral dunita; a pasta de madeira en Ribadeo, con 483.000 toneladas; o cuarzo no porto de Viveiro-Celeiro, con 143.000 toneladas; e descargadas, o atún conxelado na Pobra do Caramiñal, con 92.000 toneladas.




1.549.714 toneladas de mercadorías en 2021



PRINCIPAIS MERCADORÍAS. ANO 2021


Por tipos, toneladas e portos






Foz

NÚMERO DE BUQUES POR PORTO. AÑO 2021



 **339**
BUQUES
EN TOTAL
en 2021

2. RESUMO ANUAL DA ACTIVIDADE PORTUARIA

ESTATÍSTICA DE MERCADORÍAS (EN TONELADAS)				
Porto / Mercadoría	Ano 2021	Ano 2020	VAR	Diferenza
A POBRA DO CARAMIÑAL	85.394	85.091	0,36%	303
Atún conxelado, con exclusión dos filetes	85.394	79.242	7,76%	6.152
Sal, incluída a de mesa		5.849	-100,00%	-5.849
BURELA	18.414	21.082	-12,66%	-2.668
Madeira en bruto, de coníferas e eucalipto	18.414	9.045	103,58%	9.369
Fariña de sementes		3.144	-100,00%	-3.144
Residuos doutras graxas vexetais		8.893	-100,00%	-8.893
CARIÑO	639.067	503.011	27,05%	136.056
Outros minerais	586.466	498.874	17,56%	87.592
Cantos, grava, pedras machucadas	46.360		100,00%	46.360
Cuarzo (agás as areas naturais)	6.241		100,00%	6.241
Madeira en bruto, de coníferas e eucalipto		4.137	-100,00%	-4.137
CEE	63.332	57.236	10,65%	6.096
Hullas, briquetas, ovoides	32.652		100,00%	32.652
Ferroaleacións	26.135	13.100	99,50%	13.035
Coques e semicoques de hulla	4.545	26.110	-82,59%	-21.565
Escouras (agás granuladas)		6.271	-100,00%	-6.271
Madeira serrada ou desbastada		1.526	-100,00%	-1.526
Minerais de manganeso e os seus concentra-dos		10.229	-100,00%	-10.229
RIBADEO	594.335	448.333	32,57%	146.002
Pasta mecánica de madeira	483.996	407.659	18,73%	76.337
Madeira en bruto, de coníferas e eucalipto	72.385	8.426	759,07%	63.959
Carbonato de magnesio natural	28.185	32.248	-12,60%	-4.063
Fariña de sementes	5.293		100,00%	5.293
Abonos minerais ou químicos, con tres ele-mentos	4.394		100,00%	4.394
Guindastres	82		100,00%	82
RIBEIRA	12.156	18.481	-34,22%	-6.325
Atún conxelado, con exclusión dos filetes	6.784	13.177	-48,52%	-6.393
Sal, incluída a de mesa	5.372	5.304	1,28%	68
VIVEIRO-CELEIRO	137.016	113.074	21,17%	23.942
Cuarzo (agás as areas naturais)	137.016	113.074	21,17%	23.942

2.2. PESCA FRESCA

Respecto á descarga de pesca fresca, nos peiraos dependentes da Xunta de Galicia descargáronse, no ano 2021, 77.317 toneladas de peixe, un 11% menos que en 2020. Isto supón o 54% do total de desembarcos de pesca fresca en Galicia.

Os peiraos con maior volume de descarga de pesca fresca foron: Ribeira, con 22.412 toneladas; Burela, con 19.024 toneladas; e Celeiro-Viveiro, con 13.309 toneladas.

A descarga de pesca fresca nos peiraos autonómicos en 2021 supuxo un importe total da venda en lonxa de 265,5 millóns de euros, un 5,8% máis que no ano anterior.

77.317

toneladas de peixe
en 2021

▼ -11 %
que en
2020

⚓ RIBEIRA

22.412 ton.

⚓ BURELA

19.024 ton.

⚓ CELEIRO - VIVEIRO

13.309 ton.

265,5

millóns de euros
en 2021

▲ + 5,8%
que en
2020

Burela



PESCA FRESCA. KILOGRAMOS E VENDAS

Portos	Kg. 2021	% Kg. respecto a 2020	Vendas. Ano 2021	% vendas respecto a 2020
BURELA	19.024.804	-11,74%	66.996.088 €	10,47%
VIVEIRO-CELEIRO	13.309.110	-10,72%	43.149.961 €	-2,78%
RIBEIRA	22.412.369	-18,63%	37.737.930 €	-0,55%
TESTAL	1.679.702	21,28%	14.405.536 €	23,07%
O GROVE	704.114	-0,46%	8.461.799 €	12,08%
CARRIL	896.166	-0,25%	8.452.424 €	-7,96%
TRAGOVE	1.063.400	0,80%	8.015.007 €	7,47%
CAMPELO	520.612	7,49%	7.044.620 €	34,32%
CEDEIRA	923.814	-22,46%	5.872.485 €	5,33%
ILLA DE AROUSA	645.606	0,91%	4.776.542 €	-4,23%
CANGAS	366.782	50,44%	4.234.651 €	36,05%
CABO DE CRUZ	289.891	-9,86%	4.163.554 €	5,24%
PORTOSÍN	3.798.275	-12,08%	3.936.964 €	-8,41%
MUROS	1.164.362	2,98%	3.815.280 €	18,40%
MALPICA	1.490.414	-39,38%	3.649.331 €	-3,95%
CAMARIÑAS	2.318.052	-45,38%	3.293.203 €	-28,08%
FISTERRA	484.504	-3,52%	3.152.411 €	19,96%
AGUIÑO	218.722	4,44%	3.047.607 €	4,59%
BUEU	447.743	-17,71%	2.967.994 €	21,47%
VILANOVA DE AROUSA	212.979	-24,43%	2.886.532 €	-5,81%
CORCUBIÓN	1.106.011	496,70%	2.784.653 €	211,26%
BAIONA	218.698	100,80%	2.623.873 €	41,41%
PORTONOVO	806.203	-17,84%	1.951.770 €	41,86%
MEIRA	188.917	52,78%	1.906.340 €	35,71%
A GUARDA	108.779	-8,54%	1.584.384 €	-3,67%
RIANXO	245.491	-43,69%	1.571.513 €	-57,56%
MANIÑOS (BARALLOBRE)	138.130	74,62%	1.411.227 €	86,90%
LAXE	274.139	-7,38%	1.380.756 €	25,07%
CESANTES	194.829	168,42%	1.324.868 €	78,26%
ARCADE	192.662	67,37%	1.221.877 €	-6,77%
O SON	731.968	-36,86%	1.205.145 €	-1,52%
PORTOCUBELO	151.748	20,45%	1.140.895 €	22,41%
A POBRA DO CARAMIÑAL	89.697	16,83%	1.094.246 €	44,13%
VILAXOÁN	51.081	-25,68%	771.617 €	3,86%

Continúa na páxina seguinte >>

Portos	Kg. 2021	% Kg. respecto a 2020	Vendas. Ano 2021	% vendas respecto a 2020
ALDÁN	63.827	-0,49%	593.854 €	21,48%
SADA-FONTÁN	436.637	-26,76%	439.859 €	-13,26%
CANIDO	34.278	14,08%	414.725 €	41,44%
ESTEIRO	27.953	-40,18%	384.583 €	-22,01%
MUGARDOS	34.556	77,17%	380.653 €	78,08%
SANTA CRISTINA DE COBRES	48.597	-11,93%	303.352 €	-52,19%
PONTEDEUME	20.732	9,49%	273.389 €	4,39%
CARIÑO	57.568	-79,32%	229.137 €	-58,90%
O BARQUEIRO	33.894	-5,03%	110.570 €	73,00%

Portos	Kg. 2021	% Kg. respecto a 2020	Vendas. Ano 2021	% vendas respecto a 2020
MUXÍA	10.824	-42,09%	85.858 €	28,67%
PANXÓN	10.738	46,09%	80.581 €	73,99%
CAMELLE	7.957	-58,08%	73.952 €	-0,92%
ESPASANTE	29.329	58,97%	53.922 €	-21,00%
RIBADEO	8.994	67,82%	43.551 €	-9,85%
VICEDO	20.531	43,77%	21.416 €	-4,02%
CORME	824	-87,99%	20.815 €	3,79%
CAIÓN	310		1.906 €	100,00%
TOTAL	77.317.324	-11,74%	265.545.203 €	5,79%



2.3. NÁUTICA DE RECREO

2.3.1. PRAZAS DE AMARRE

Ao longo dos máis de 1.500 quilómetros de costa, Portos de Galicia xestiona 73 instalacións náutico-recreativas de xeito directo ou a través de concesións administrativas, aglutinando máis de 10.600 prazas de atracada.

Destas 73 instalacións, polo seu modelo de xestión, 17 correspóndense con concesións de construción e explotación; 12 con concesións unicamente de explotación; 2 contan con autorizacións estivais e 42 son xestionadas directamente por Portos de Galicia.

NÁUTICA DE RECREO

Xestión das instalacións



PRAZAS DE AMARRE				
Porto	Zona	Tipo de xestión	Xestor	Prazas totais
TUI	Baixo Miño	Autorización de explotación	Club Náutico San Telmo	99
MALPICA	Costa da Morte	Xestión directa	Portos de Galicia	8
BARIZO	Costa da Morte	Xestión directa	Portos de Galicia	12
CAMARIÑAS	Costa da Morte	Xestión directa	Portos de Galicia	19
SUEVOS	Costa da Morte	Xestión directa	Portos de Galicia	22
LAXE	Costa da Morte	Xestión directa	Portos de Galicia	32
CORCUBIÓN	Costa da Morte	Xestión directa	Portos de Galicia	19
RAZO	Costa da Morte	Xestión directa	Portos de Galicia	35
MALPICA	Costa da Morte	Xestión directa	Portos de Galicia	55
CORME	Costa da Morte	Xestión directa	Portos de Galicia	68
FISTERRA	Costa da Morte	Xestión directa	Portos de Galicia	86
CAIÓN	Costa da Morte	Xestión directa	Portos de Galicia	92
CAMARIÑAS	Costa da Morte	Concesión de explotación	Club Náutico de Camariñas	106
MUXÍA	Costa da Morte	Concesión de explotación	Cataventos Escola de Vela (Marina Muxía)	207
SAN PEDRO DE VISMA	Golfo Ártabro	Xestión directa	Portos de Galicia	47
BARALLOBRE	Golfo Ártabro	Xestión directa	Portos de Galicia	66
PONTEDEUME	Golfo Ártabro	Xestión directa	Portos de Galicia	68
SADA	Golfo Ártabro	Xestión directa	Portos de Galicia	289
SADA	Golfo Ártabro	Concesión de construción e explotación	Club Náutico de Sada	313
SADA	Golfo Ártabro	Concesión de construción e explotación	Puerto Deportivo de Sada, S.L. (Sadamar)	699
BURELA	Mariña lucense	Xestión directa	Portos de Galicia	95
CELEIRO	Mariña lucense	Xestión directa	Portos de Galicia	98
VICEDO	Mariña lucense	Xestión directa	Portos de Galicia	131
FOZ	Mariña lucense	Xestión directa	Portos de Galicia	156
VIVEIRO	Mariña lucense	Concesión de explotación	Fomento de Iniciativas Náuticas (Marina Viveiro)	265
ARES	Ría de Ares-Mugardos	Xestión directa	Portos de Galicia	18
MIÑO	Ría de Ares-Mugardos	Xestión directa	Portos de Galicia	107
MUGARDOS	Ría de Ares-Mugardos	Xestión directa	Portos de Galicia	121
ARES	Ría de Ares-Mugardos	Concesión de explotación	Club Náutico Ría de Ares	371
PALMEIRA	Ría de Arousa	Xestión directa	Portos de Galicia	37
A TOXA	Ría de Arousa	Concesión de construción e explotación	Club Náutico Isla de La Toja	59
RIBEIRA	Ría de Arousa	Xestión directa	Portos de Galicia	63
A POBRA DO CARAMIÑAL	Ría de Arousa	Xestión directa	Portos de Galicia	63
CAMBADOS (STO. TOMÉ)	Ría de Arousa	Xestión directa	Portos de Galicia	68
RIANXO	Ría de Arousa	Autorización de construción e explotación	Club Náutico de Rianxo	126

Porto	Zona	Tipo de xestión	Xestor	Prazas totais
ESCARABOTE	Ría de Arousa	Concesión de construción e explotación	Club Náutico Deportivo de Barraña	134
PEDRAS NEGRAS	Ría de Arousa	Autorización de explotación	Club Náutico San Vicente do Mar	144
CABO DE CRUZ	Ría de Arousa	Concesión de construción e explotación	Club Náutico de Boiro	160
VILANOVA DE AROUSA	Ría de Arousa	Concesión de explotación	Marina Náutica Arousa	251
RIBEIRA	Ría de Arousa	Concesión de construción e explotación	Club Náutico Deportivo de Riveira	259
A POBRA DO CARAMIÑAL	Ría de Arousa	Concesión de explotación	Muport, S.L.	335
ESCARABOTE	Ría de Arousa	Xestión directa	Portos de Galicia	22
CABO DE CRUZ	Ría de Arousa	Xestión directa	Portos de Galicia	22
VILAXOAN	Ría de Arousa	Xestión directa	Portos de Galicia	24
O GROVE	Ría de Arousa	Xestión directa	Portos de Galicia	25
TESTAL	Ría de Muros-Noia	Xestión directa	Portos de Galicia	37
PORTO DO SON	Ría de Muros-Noia	Xestión directa	Portos de Galicia	78
PORTOSÍN	Ría de Muros-Noia	Xestión directa	Portos de Galicia	84
MUROS	Ría de Muros-Noia	Xestión directa	Portos de Galicia	142
O FREIXO	Ría de Muros-Noia	Xestión directa	Portos de Galicia	154
PORTOSÍN	Ría de Muros-Noia	Concesión de construción e explotación	Real Club Náutico de Portosín	208
MUROS	Ría de Muros-Noia	Concesión de explotación	Muport, S.L.	228
CARIÑO	Ría de Ortigueira	Xestión directa	Portos de Galicia	98
ORTIGUEIRA	Ría de Ortigueira	Xestión directa	Portos de Galicia	136
AGUETE	Ría de Pontevedra	Autorización de explotación (estival)	Club de Mar de Aguete	20
PORTONOVO	Ría de Pontevedra	Xestión directa	Portos de Galicia	36
BUEU	Ría de Pontevedra	Concesión de construción e explotación	Asociación 7ª Lista Robaleira	53
BELUSO	Ría de Pontevedra	Xestión directa	Portos de Galicia	59
BUEU	Ría de Pontevedra	Xestión directa	Portos de Galicia	63
SANXENXO	Ría de Pontevedra	Concesión de construción e explotación	Real Club Náutico de Sanxenxo	69
PONTEVEDRA	Ría de Pontevedra	Concesión de construción e explotación	Club Naval de Pontevedra	142
PORTONOVO	Ría de Pontevedra	Concesión de explotación	Club Náutico de Portonovo	225
COMBARRO	Ría de Pontevedra	Concesión de construción e explotación	Combarro Mar, S.A.	327
SANXENXO	Ría de Pontevedra	Concesión de construción e explotación	Nauta Sanxenxo, S.L.	400
RIBADEO	Ría de Ribadeo	Concesión de explotación	Real Club Náutico de Ribadeo	670
CESANTES	Ría de Vigo	Concesión de construción e explotación	Club Náutico Illa de San Simón	205
CANGAS	Ría de Vigo	Concesión de explotación	Real Club Náutico Rodeira	234
BAIONA	Ría de Vigo	Concesión de construción e explotación	Monte Real Club de Yates de Bayona	250
BAIONA	Ría de Vigo	Concesión de construción e explotación	Puerto Deportivo de Baiona, S.A.	344
MOAÑA	Ría de Vigo	Concesión de construción e explotación	Club Social Moañamar	365
BAIONA	Ría de Vigo	Xestión directa	Portos de Galicia	401

2. RESUMO ANUAL DA ACTIVIDADE PORTUARIA



Brens

PRAZAS DE AMARRE	
Área xeográfica	Prazas existentes
BAIXOMIÑO	99
COSTA DA MORTE	761
GOLFO ÁRTABRO	1.482
MARIÑA LUCENSE	745
RÍA DE ARES MUGARDOS	617
RÍA DE AROUSA	1.792
RÍA DE MUROS E NOIA	931
RÍA DE ORTIGUEIRA	234
RÍA DE PONTEVEDRA	1.394
RÍA DE RIBADEO	670
RÍA DE VIGO	1.799
TOTAL	10.524

2.3.2 TRÁNSITOS

A entidade pública impulsa a chegada aos portos galegos de navegantes estranxeiros a través de diversas accións promocionais do sistema portuario galego, que se traduciron nos últimos anos nun incremento notable do número de tránsitos —embarcacións que recalán nos peiraos galegos de xeito puntual—.

Trala crise mundial provocada pola pandemia da Covid-19 durante o ano 2020, que supuxo unha caída en picado da actividade de tránsitos náuticos —enmarcada no conxunto da parálise do movemento de viaxeiros entre países e tamén a nivel interno, debido ás restricións de circulación—, esta actividade retomou a súa incidencia ao longo do 2021.

Os portos de titularidade autonómica de Galicia recibiron, en 2021, un total de 6.643 embarcacións en tránsito, sendo os por-

tos con maior número de rexistros os de Muros, con 624; Muxía, con 586, e o porto deportivo de Baiona, con 497, sendo as Rías Baixas, Vigo, Pontevedra e a Ría de Arousa as que máis tránsitos reciben, por enriba de mil embarcacións.

En canto aos países de procedencia, o 37% dos barcos transeúntes recibidos son españois e o 28% franceses, sendo o resto procedentes de distintos países europeos con porcentaxes moi inferiores —por debaixo do 10%—.


Polo que respecta á estadía media, esta é de 5 noites. Durante o ano 2021 superáronse as 33.000 pernoctas de embarcacións en tránsito.

TRÁNSITOS 2021									
Esloras	menos de 8	de 8 a 10	de 10 a 12	de 12 a 14	de 14 a 16	de 16 a 20	de 20 a 24	más de 24	EMBARCACIONES
COSTA DA MORTE	14	171	389	261	102	25	6		968
Porto deportivo de Muxía	7	93	233	167	63	20	3		586
Porto deportivo de Camariñas	7	78	156	94	39	5	3		382
GOLFO ÁRTABRO	158	90	128	79	24	3			482
Club náutico de Sada	85	29	42	25	3	1			185
Porto deportivo de Ares	59	46	45	20	5				175
Miño	10	4							14
Porto deportivo de Sada (Sadamar)	14	15	41	34	16	2			122
MARIÑA LUCENSE	18	157	323	188	56	13	2		757
Porto deportivo de Viveiro	16	108	205	123	34	7	1		494
Porto deportivo de Ribadeo	2	49	118	65	22	6	1		263
RÍA DE AROUSA	232	334	422	204	45	18	1		1256
Porto deportivo de Pedras Negras	52	85	122	47	9				315
Porto deportivo de Ribeira	46	83	106	47	9	3			294
Porto deportivo da Pobra do Caramiñal	21	74	87	66	14	8	1		271
Porto deportivo de Escarabote	58	39	28	3					128
Porto deportivo da Toxa	33	27	23	14	6	6			109
Porto deportivo de Cabo de Cruz	4	22	45	20	6	1			98
Porto deportivo de Vilanova de Arousa	18	4	11	7	1				41

2. RESUMO ANUAL DA ACTIVIDADE PORTUARIA


6.643

embarcaciones de tránsito en 2021



TRÁNSITOS

Países de procedencia dos barcos



33.000

pernoctas de embarcacións en tránsito

Volume aproximado de negocio xerado

>6,5


millóns de euros en 2021

Esloras	menos de 8	de 8 a 10	de 10 a 12	de 12 a 14	de 14 a 16	de 16 a 20	de 20 a 24	más de 24	EMBARCACIONES
RÍA DE MUROS E NOIA	10	134	367	239	94	25	2		871
Porto deportivo de Muros	8	101	269	166	64	15	1		624
Porto deportivo de Portosin	2	33	98	73	30	10	1		247
RÍA DE PONTEVEDRA	136	230	425	189	75	27	6	2	1090
Porto deportivo de Combarro	38	90	214	102	33	7	3	2	489
Porto deportivo de Sanxenxo (Nauta Sanxenxo)	16	37	89	47	29	13	3		234
Porto deportivo de Portonovo	37	65	67	30	10	5			214
Porto deportivo de Sanxenxo (Real Club Náutico de Sanxenxo)	33	36	51	10	3	2			135
Porto deportivo de Rianxo	4	2	3						9
Porto deportivo de Pontevedra	6		1						7
Porto deportivo de Bueu	2								2
RÍA DE VIGO	149	186	394	286	136	41	11	2	1205
Porto deportivo de Baiona (Puerto deportivo de Baiona, S.A.)	17	65	196	136	65	12	6		497
Porto deportivo de Baiona (Monte Real Club de Yates de Bayona)	21	58	130	99	62	25	5	2	402
Porto deportivo de Moaña	93	49	48	37	4	3			234
Porto deportivo de Cangas	18	14	20	14	5	1			72
Instalacións menores do porto de Tui	10	4							14
TOTAL DE EMBARCACIÓNS	727	1306	2448	1446	532	152	28	4	6643

RCN
Portosin



2.4. PASAXE



Un total de 14 portos autonómicos operaron tráfico de pasaxeiros ao longo do ano 2021. A saber:

Zona Norte (2):

- Mugardos
- Ribadeo

Zona Centro (2):

- Fisterra
- Cedeira

Zona Sur (10):

- Baiona
- Bueu
- Cangas
- As Corbaceiras
- Moaña
- O Grove
- Portonovo
- San Adrián de Cobres
- Vilanova de Arousa
- A Pasaxe

No conxunto destes peiraos contabilizáronse un total de **996.484 pasaxeiros**.



Por portos rexistráronse as seguintes cifras:

PASAXE	
Portos	Pasaxeiros
CANGAS	646.799
MOAÑA	196.336
O GROVE	56.553
PORTONOVO	48.324
BAIONA	12.531
BUEU	10.171
MUGARDOS	10.049
A PASAXE	3.630
VILANOVA DE AROUSA	3.296
RIBADEO	3.100
FISTERRA	2.866
AS CORBACEIRAS	1.546
CEDEIRA	865
SAN ADRIÁN DE COBRES	418
TOTAL	996.484



PASAXE

Número de pasaxeiros por porto



3. ESTADOS FINANCEIROS

3.1. Comentario aos estados financeiros do exercicio 202120

3.2 Conta do resultado económico patrimonial a 31/12/202121

3.3 Balance de situación a 31/12/2021 22

3.4. Cadro de financiamento a 31/12/2021 23

3.4.1. Estado de orixe e aplicación de fondos 23

3.4.2. Estado de orixe e aplicación de fondos 23

3.4.3. Correccións ao resultado do exercicio .. 23

3.5. Estado de liquidación do orzamento a 31/12/202124

3.6. Execución do orzamento de ingresos correntes 25

3.7. Resultado orzamentario 27

3.8. Outra información da memoria 28

3.8.1. Contratación administrativa 28

3.8.2. Persoal de Portos de Galicia 28



3.1. COMENTARIO AOS ESTADOS FINANCEIROS DO EXERCICIO 2021

Conta do resultado económico-patrimonial

No exercicio 2021 a **cifra de ingresos da xestión ordinaria**, aínda que estivo marcada polos efectos da crise sanitaria e económica causada pola pandemia da Covid-19, presenta unha recuperación da facturación con respecto ao peche do ano 2019, anterior á pandemia.

A cifra de ingresos correntes ascendeu a 18,4 millóns de euros fronte aos 15,9 e 18 millóns de euros dos anos 2020 e 2019, respectivamente, o que supón unha mellora das cifras anteriores á pandemia.

Da facturación total, 10,2 millóns de euros corresponden á prestación de servizos xerais (taxas ao buque, mercadorías, pesca fresca e embarcacións deportivas e de lecer), e 3,4 millóns de euros a servizos específicos (almacéns, edificios e locais, subministracións e servizos diversos). As taxas polo exercicio de actividades económicas e pola ocupación do dominio publico portuario (concesións e autorizacións) acadan os 1,4 e 2,9 millóns de euros respectivamente. O resto de ingresos corresponden a taxas por actuacións profesionais (301 mil euros) e outros ingresos da xestión ordinaria (159 mil euros). Os principais incrementos prodúcense en:

- Tráfico comercial e mercadorías nun 24%, pasando de 1.246.308 toneladas no ano 2020 a un total de 1.549.714 toneladas no ano 2021, o que representa un incremento da facturación do 34% sobre o ano 2020 (10% sobre o ano 2019).
- Descenso do volume de descargas da pesca fresca nun 12% respecto do ano 2020. Porén, recupérase a facturación a valores do ano 2019 debido ao aumento do prezo medio do valor da primeira venda.
- Aumento (28%) da facturación da tarifa E-3 de Fornecementos pola maior actividade portuaria en todos os sectores.
- Crecen lixeiramente os ingresos devindicados polas Concesións e Autorizacións do dominio público portuario respecto de anos anteriores.

Por outro lado, baixan os ingresos pola tarifa E-2 —ocupación en precario de solo portuario— ao ser estes os máis afectados polas restricións para o control da pandemia, debido a que moitas actividades —como bonificación en ocupacións de terrazas de hostalaría e limitacións de actividades como mercados de venda ambulantes ou festas— non puideron levarse a cabo.

En canto aos ingresos por **transferencias e subvencións traspasadas ao resultado do exercicio**, ascenderon a 11,8 millóns de euros, o que representa unha baixada do 3% sobre o ano anterior.

Respecto aos gastos de funcionamento dos servizos (30,3 millóns de euros) ou **gastos de explotación** —que inclúen os de persoal, dotacións para amortizacións do inmovilizado, provisións para insolvencias, e outros gastos de xestión—, baixan no seu conxunto 1 millón de euros. Isto representa un 3% menos que no ano anterior, sendo os servizos exteriores, nos que se atopa a partida de reparacións e conservación das instalacións portuarias, os que experimentan unha maior redución debido, fundamentalmente, ao menor importe en dragados e obras de emerxencia. Por último, mantéñense os gastos de persoal nas mesmas cifras que no ano anterior.

O **resultado do exercicio** é de desaforro en 1,2 millóns de euros. Este resultado debe ser valorado tendo en conta o feito de que se imputan na conta de resultados a cifra de 15,2 millóns de euros correspondentes ás amortizacións do inmovilizado, das cales 1,6 millóns de euros correspóndense co inmovilizado recibido en adscrición.

Balance de situación

O Balance de situación reflicte unha estrutura financeira sólida, cunha gran liquidez e un importante fondo de manobra que ascende a 19,6 millóns de euros.

No activo, sinalamos o incremento no seu conxunto dos saldos debedores e contas a cobrar nun 30%. Por unha banda, diminúen os debedores por prestación de servizos nun 6,8%, e pola outra increméntanse os saldos pendentes de cobro de Administracións Públicas polas subvencións devindicadas.

No pasivo, sinalamos o aumento dos saldos acredores a curto prazo nun 23%, e destacamos, como en anos anteriores, a ausencia de endebedamento externo.

Cadro de financiamento

Sinalamos:

Os **recursos xerados polas operacións** (cash flow) aumentan en 2,7 millóns de euros respecto do ano anterior.

As **subvencións de capital devindicadas**, procedentes da Comunidade Autónoma, ascenderon a 8,4 millóns de euros, crecendo nun 15% respecto do ano anterior.

Os novos **investimentos en inmovilizado** sitúanse nos 10,4 millóns de euros, e soben nun 33,7% en relación ao ano 2020.

Como consecuencia do exposto anteriormente, no ano 2021 produciuse un exceso de orixes en relación ás aplicacións de recursos, cantidade na que aumenta o capital circulante ou **fondo de manobra**.

3.2 CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL A 31/12/2021

A) GASTOS	2021	2020	B) INGRESOS	2021	2020
1. Gastos de funcionamento dos servizos e prestacións sociais	30.335.663,75 €	31.403.875,39 €	1. Ingresos de xestión ordinaria	18.208.710,56 €	15.692.557,88 €
a) Gastos de persoal	4.715.972,80 €	4.720.853,26 €	a) Ingresos tributarios	300.592,35 €	251.039,25 €
a.1) Soldos, salarios e asimilados	3.703.101,58 €	3.730.015,21 €	a1) Taxas por servizos profesionais e administrativos	300.592,35 €	251.039,25 €
a.2) Cargas sociais	1.012.871,22 €	990.838,05 €	b) Prestación de servizos:	17.908.118,21 €	15.441.518,63 €
c) Dotacións para amortizacións de inmovilizado	14.961.683,05 €	15.244.230,79 €	b.1) Prezos públicos por Prestación de Servizos	15.024.629,40 €	12.719.988,43 €
d) Variación de provisións de tráfico, prov. p. insolvencias	277.441,00 €	387.747,00 €	b.2) Prezos públicos por utilización de dominio público	2.883.488,81 €	2.721.530,20 €
e) Outros gastos de xestión	10.380.257,10 €	11.050.593,44 €			
e.1) Servizos exteriores	10.167.994,80 €	10.816.661,00 €	2. Outros ingresos de xestión ordinaria	159.330,63 €	185.415,91 €
e.2) Tributos	212.262,30 €	233.932,44 €	c) Outros ingresos de xestión	122.560,82 €	157.531,56 €
f) Gastos financeiros e asimilables	309,80 €	450,90 €	c.1) Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	122.560,82 €	157.531,56 €
f.1) Outros gastos financeiros	309,80 €	450,90 €	f) Outros intereses e ingresos asimilados	36.769,81 €	27.884,35 €
			f.1) Outros intereses	36.769,81 €	27.884,35 €
2. Transferencias e subvencións	125.520,82 €	0,00 €			
a) Transferencias correntes	125.520,82 €	0,00 €	3. Transferencias e subvencións	11.053.055,25 €	11.825.866,68 €
			a) Transferencias correntes	0,00 €	393.072,95 €
3. Perdas e gastos extraordinarios	113.024,64 €	59.715,82 €	e) Subvencións de capital traspasadas ó resultado	11.053.055,25 €	11.432.793,73 €
c) Gastos extraordinarios	0,00 €	0,00 €			
d) Gastos e perdas de outros exercicios	113.024,64 €	59.715,82 €	4. Ganancias e ingresos extraordinarios	1.065,28 €	13.139,26 €
			a) Beneficios procedentes do inmovilizado	661,16 €	0,00 €
			c) Ingresos extraordinarios	0,00 €	0,00 €
			d) Ingresos e beneficios de outros exercicios	404,12 €	13.139,26 €
AFORRO	0,00 €	0,00 €	DESAFORRO	1.152.047,49 €	3.746.611,48 €
TOTAL DEBE	30.574.209,21 €	31.463.591,21 €	TOTAL HABER	30.574.209,21 €	31.463.591,21 €

3.3. BALANCE DE SITUACIÓN A 31/12/2021

ACTIVO	2021	2020
A) INMOBILIZADO	239.501.919,30 €	244.098.691,61 €
II. Inmobilizacións inmateriais	797.306,76 €	367.346,08 €
1. Propiedade industrial	3.108,68 €	3.108,68 €
2. Estudos, proxectos e traballos en curso	3.030.682,92 €	2.639.764,45 €
3. Aplicacións informáticas	1.389.269,08 €	1.299.508,08 €
4. Outro inmovilizado inmaterial	213.103,44 €	213.103,44 €
6. Amortizacións	(3.838.857,36 €)	(3.788.138,57 €)
III. Inmobilizacións materiais	238.704.612,54 €	243.731.345,53 €
1. Terreos e construcións	461.042.212,11 €	451.206.381,20 €
2. Instalacións técnicas e maquinaria	2.361.595,49 €	2.361.595,49 €
3. Utillaxe e mobiliario	1.892.323,96 €	1.868.602,39 €
4. Outro inmovilizado material	2.014.339,41 €	1.989.660,62 €
5. Inmovilizado recibido en adscrición	94.599.305,23 €	94.599.305,23 €
6. Amortizacións	(323.205.163,66 €)	(308.294.199,40 €)
C) ACTIVO CIRCULANTE	24.688.055,06 €	20.543.445,32 €
II. Debedores	22.893.716,31 €	17.557.776,87 €
1. Debedores orzamentarios	26.396.283,89 €	20.929.563,54 €
2. Debedores non orzamentarios	1.992.575,63 €	2.057.573,31 €
4. Administracións públicas	495.381,79 €	283.724,02 €
5. Outros debedores	63.500,00 €	63.500,00 €
6. Provisións	(6.054.025,00 €)	(5.776.584,00 €)
III. Inversión financeiras temporais	9.407,56 €	7.610,06 €
2. Outros investimentos e créditos a C/P	9.407,56 €	7.610,06 €
IV. Tesourería	1.784.931,19 €	2.978.058,39 €
TOTAL XERAL (A+B+C)	264.189.974,36 €	264.642.136,93 €

PASIVO	2021	2020
A) FONDOS PROPIOS	62.375.087,99 €	61.127.135,48 €
I. Patrimonio	92.121.989,11 €	89.721.989,11 €
1. Patrimonio	2.400.000,00 €	0,00 €
2. Patrimonio recibido en adscrición	94.599.305,23 €	94.599.305,23 €
6. Patrimonio entregado ó uso xeral	(4.877.316,12) €	(4.877.316,12) €
III. Resultados de exercicios anteriores	(28.594.853,63) €	(24.848.242,15) €
1. Resultados positivos de exercicios anteriores	2.818.998,27 €	2.818.998,27 €
2. Resultados negativos de exercicios anteriores	(31.413.851,90) €	(27.667.240,42) €
IV. Resultado do exercicio	(1.152.047,49)	(3.746.611,48) €
B) INGRESOS A DISTRIBUIR EN VARIOS EXERCICIOS	196.581.722,10 €	199.249.529,93 €
D) ACREDORES A LONGO PRAZO	120.203,46 €	120.203,46 €
II. Outras débedas a longo prazo	120.203,46 €	120.203,46 €
4. Fianzas e depósitos recibidos a longo prazo	120.203,46 €	120.203,46 €
E) ACREDORES A CURTO PRAZO	5.112.960,81 €	4.145.268,06 €
III. Acredores	5.112.960,81 €	4.145.268,06 €
1. Acredores orzamentarios	3.983.976,98 €	3.348.591,18 €
2. Acredores non orzamentarios	313.328,96 €	347.490,56 €
4. Administracións públicas	811.061,41 €	472.172,23 €
5. Outros acredores	4.593,46 €	(22.985,91) €
TOTAL XERAL (A+B+C+D+E+F)	264.189.974,36 €	264.642.136,93 €

3.4. CADRO DE FINANCIAMENTO A 31/12/2021

3.4.1. ESTADO DE ORIGE E APLICACIÓN DE FONDOS

Os recursos financeiros obtidos, así como a súa aplicación, e o efecto que tales operacións tiveron sobre o capital circulante son os seguintes:

APLICACIÓNS	2021	2020
Adquisicións de inmovilizado:	10.364.910,74 €	7.751.920,65 €
Inmovilizacións inmateriais	480.679,47 €	249.758,52 €
Inmovilizacións materiais	9.884.231,27 €	7.502.162,13 €
Total aplicacións	10.364.910,74 €	7.751.920,65 €
Exceso de orixes sobre aplicacións		
Aumento do capital circulante	3.176.916,99 €	(396.230,07 €)

ORIXES	2021	2021
Recursos procedentes das operacións de xestión	2.756.580,31 €	64.825,58 €
Subvencións de capital recibidas	8.385.247,42 €	7.290.865,00 €
Aportación de capital	2.400.000,00 €	
Total orixes	13.541.827,73 €	7.355.690,58 €
Exceso de aplicacións sobre orixes (diminución do capital circulante)	-	-

3.4.2. ESTADO DE ORIGE E APLICACIÓN DE FONDOS

O detalle da variación do capital circulante por epígrafes do balance é o seguinte:

VARIACIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE	EXERCICIO 2021		EXERCICIO 2020	
	AUMENTO	DIMINUCCIÓN	AUMENTO	DIMINUCCIÓN
Debedores	5.466.720,35 €	64.998,00 €	420.696,84 €	468.905,69 €
Acredores	34.161,60 €	635.386,00 €	583.543,94 €	
Administracións públicas		127.231,41 €		206.602,22 €
Outras contas non bancarias		305.020,37 €		432.954,09 €
Fianzas e depósitos recibidos a curto prazo	1.797,50 €			3.214,98 €
Tesourería		1.193.127,20		288.793,87 €
TOTAL	5.502.679,45 €	2.325.762,46 €	1.004.240,78 €	1.400.470,85 €
Variación do capital circulante	3.176.916,99 €		(396.230,07 €)	

3.4.3. CORRECCIÓN AO RESULTADO DO EXERCICIO

A conciliación entre o beneficio e os recursos procedentes das operacións é, como segue:


CORRECCIÓN AO RESULTADO DO EXERCICIO	2021	2020
Beneficio/perda do exercicio	(1.152.047,49 €)	(3.746.611,48 €)
Dotación amortizacións inmovilizado	14.961.683,05 €	15.244.230,79 €
Subvencións de capital e outras transferidas ó resultado do exercicio	(11.053.055,25 €)	(11.432.793,73 €)
Recursos procedentes das operacións	2.756.580,31 €	64.825,58 €

3.5. ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO A 31/12/2021

Liquidación do orzamento de ingreso

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA	EXPLICACIÓN	PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS			DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA	DEREITOS CANCELADOS	DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31/12	
		INICIAIS	MODIFICACIÓNS	DEFINITIVO					
C.III	Taxas e outros ingresos	15.347.000,00 €	10.739,81 €	15.357.739,81 €	18.368.702,35 €	11.799.455,35 €	857.677,81 €	6.569.247,00 €	
C.IV	Transferencias correntes	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
C.V	Ingresos patrimoniais	5.000,00 €	0,00 €	5.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
C.VII	Transferencias de capital	8.746.820,67 €	131.910,50 €	8.878.731,17 €	8.385.247,42 €	0,00 €	0,00 €	8.385.247,42 €	
C.VIII	Activos financeiros	11.785.888,19 €	0,00 €	11.785.888,19 €	2.400.000,00 €	0,00 €	0,00 €	2.400.000,00 €	
	TOTAL	35.884.708,86 €	142.650,31 €	36.027.359,17 €	29.153.949,77 €	11.799.455,35 €	857.677,81 €	17.354.494,42 €	


CLASIFICACIÓN ECONÓMICA	EXPLICACIÓN	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS			GASTOS COMPROMETIDOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	REMANENTES DE CRÉDITO	PAGAMENTOS	OBRIGAS PENDENTES DE PAGO A 31/12
		INICIAIS	MODIFICACIÓNS	DEFINITIVO					
C.I	Gastos de persoal	5.219.420,88 €	0,00 €	5.219.420,88 €	4.715.972,80 €	4.715.972,80 €	503.448,08 €	4.715.887,80 €	85,00 €
C.II	Compras e gastos	11.583.378,61 €	10.739,81 €	11.594.118,42 €	11.591.500,98 €	10.380.257,10 €	1.213.861,32 €	8.776.088,58 €	1.604.168,52 €
C. III	Gastos financeiros	5.000,00 €	0,00 €	5.000,00 €	309,80 €	309,80 €	4.690,20 €	309,80 €	0,00 €
C.IV	Transferencias correntes	240.000,00 €	0,00 €	240.000,00 €	240.000,00 €	125.520,82 €	114.479,18 €	125.520,82 €	0,00 €
C.VI	Investimentos	18.836.909,37 €	131.910,50 €	18.968.819,87 €	15.508.855,29 €	10.364.910,74 €	8.603.909,13 €	7.985.187,28 €	2.379.723,46 €
	TOTAL	35.884.708,86 €	142.650,31 €	36.027.359,17 €	32.056.638,87 €	25.586.971,26 €	10.440.387,91 €	21.602.994,28 €	3.983.976,98 €



3.6. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS CORRENTES

TAXAS	INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA	CRÉDITOS DEFINITIVOS 2021	DEREITOS RECOÑECIDOS 2021	DEREITOS RECOÑECIDOS 2020	% DE EXECUCIÓN	% DE VARIACIÓN INTERANUAL
X-1	Entrada e estada de barcos	605.000 €	718.538 €	626.621 €	119%	15%
X-2	Atraque	420.000 €	662.247 €	552.038 €	158%	20%
X-3	Mercadorías e pasaxeiros	980.000 €	1.677.028 €	1.105.178 €	171%	52%
X-4	Pesca fresca	4.150.000 €	5.050.666 €	4.196.896 €	122%	20%
X-5	Embarcacións deportivas	1.900.000 €	2.106.118 €	1.964.934 €	111%	7%
E-1	Guindastres	8.000 €	633 €	841 €	8%	-25%
E-2	Almacenaxe, locais e edificios	1.236.000 €	1.199.668 €	1.218.747 €	97%	-2%
E-3	Subministracións	1.420.000 €	2.178.566 €	1.698.252 €	153%	28%
E-4	Servizos diversos	40.000 €	45.263 €	44.007 €	113%	3%
ACIS	Actividades comerciais e industriais	1.163.000 €	1.385.902 €	1.312.475 €	119%	6%
Canons	Concesións e autorizacións	2.750.000 €	2.883.489 €	2.721.530 €	105%	6%
Taxas	Actuacións profesionais	500.000 €	300.592 €	251.039 €	60%	20%
Outros	Outros ingresos da xestión ordinaria	190.740 €	159.992 €	159.993 €	84%	0%
TOTALS		15.362.740 €	18.368.702 €	15.852.551 €	120%	16%

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS CORRENTES



Tarifa X-1.

Entrada e estadía de barcos.

Esta tarifa abrangue a utilización das augas do porto, instalacións de sinais marítimos e balizamento, canles de acceso, esclusas (sen excluír o amarre, remolque ou sirgaxe nelas) e pontes móbiles, obras de abrigo e zonas de ancoraxe.

Tarifa X-2.

Atraque.

Esta tarifa abrangue o uso das obras de atraque e elementos fixos de amarre e defensa, e será aplicable na contía e nas condicións que se indiquen máis adiante a todos os barcos que utilicen as obras e elementos antes sinalados construídos total ou parcialmente pola Administración portuaria ou propiedade dela.

Tarifa X-3.

Mercadorías e pasaxeiros.

Esta tarifa abrangue a utilización das augas do porto e bacías, accesos terrestres, vías de circulación, zonas de manipulación e estacións marítimas e servizos xerais de policía.

Tarifa X-4.

Pesca fresca.

Esta tarifa abrangue a utilización polos buques pesqueiros en actividade e os produtos da pesca marítima fresca, das augas do porto, instalacións de balizamento, peiraos, bacías, zonas de manipulación e servizos xerais ou de policía.

Tarifa X-5.

Embarcacións deportivas e de recreo.

Esta tarifa abrangue a utilización polas embarcacións deportivas e de recreo, e polos seus tripulantes e pasaxeiros, das augas do porto e das súas instalacións e de balizamento, das axudas á navegación, das bacías e zonas para fondear, dos servizos xerais de policía e, no seu caso, das instalacións de amarre e atraque en peiraos ou pantaláns.

Tarifa E-1.

Guindastres de pórtico.

Esta tarifa abrangue a utilización dos guindastres de pórtico convencionais ou non especializados.

Tarifa E-2.

Almacenaxe, locais e edificios.

Esta tarifa abrangue a utilización de explanadas, alpendres, galpóns, almacéns, depósitos, locais e edificios, cos seus servizos xerais correspondentes, non explotados en réxime de concesións.

Tarifa E-3.

Fornecementos.

Esta tarifa abrangue o valor dos produtos ou enerxía fornecidos e a utilización das instalacións para a prestación deles.

Tarifa E-4.

Servizos diversos.

Esta tarifa abrangue calquera outro servizo prestado polo organismo portuario, non enumerado nas restantes tarifas e que se estableza especificamente en cada porto ou se presente logo de aceptaren o orzamento os peticionarios.

Taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia (TODP)

Grava a ocupación por terceiros dos terreos do porto, das súas augas e das obras e instalacións, de ser o caso. A contía da taxa que se debe satisfacer será a que resulte de aplicarlle á base imponible o tipo de gravame correspondente.

A base imponible da taxa será o valor do ben, é dicir, o valor dos terreos ocupados, dos espazos de auga e do valor das infraestruturas, superestruturas e instalacións en concesión no momento do seu outorgamento, calculado sobre a base de criterios de mercado.

Tarifas portuarias polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos (CIS).

A prestación por terceiros de servizos e o exercicio de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza no ámbito portuario estarán suxeitos a autorización, que devengará a correspondente taxa a favor da Administración portuaria. Os elementos cuantitativos desta taxa serán o tipo, o volume de actividade e mais a utilidade obtida.



3.7. RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS	CRÉDITOS DEFINITIVOS	DEREITOS/OBRIGAS RECONOCIDAS NETAS	DEREITOS/OBRIGAS RECONOCIDAS NETAS	Nº DE VARIACIÓN INTERANUAL
	2021	2021	2020	
Ingresos corrientes	15.362.740 €	18.368.702 €	16.271.047 €	13%
Gastos corrientes	17.058.539 €	15.222.061 €	15.771.898 €	-3%
SALDO CONTA CORRENTE	1.695.799 €	3.146.642 €	499.149 €	530%
	0			
Ingresos de capital	8.878.731 €	8.385.247 €	7.290.865 €	15%
Gastos de capital	18.968.820 €	10.364.911 €	7.751.921 €	34%
SALDO CONTA CAPITAL	10.090.089 €	1.979.663 €	461.056 €	329%
SALDO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	11.785.888 €	1.166.979 €	38.093 €	-98%
CRÉDITOS GASTADOS CON REM.TESOUR.	11.785.888 €	2.400.000 €	-	-
SUPERÁVIT DE FINANCIACIÓN		3.566.979 €	38.093 €	



Fisterra



Bueu

3.8. OUTRA INFORMACIÓN DA MEMORIA

3.8.1. CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

TIPO DE CONTRATO	CONCURSO	PROCEDEMENTO NEGOCIADO	CONTRATOS MENORES	CERTIFICACIÓNS/ LIQUIDACIÓNS FINAIS	OUTROS	TOTAL
1. Obras	6.093.431,84 €	0,00 €	1.729.402,81 €	0,00 €	0,00 €	7.822.834,65 €
2. Xestión de Servizos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
3. Subministro	75.081,00 €	0,00 €	116.839,62 €	0,00 €	0,00 €	191.920,62 €
4. Consultaría e Asistencia	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
5. De servizos	6.960.389,42 €	0,00 €	801.640,03 €	0,00 €	0,00 €	7.762.029,45 €
TOTAL	13.128.902,26 €	0,00 €	2.647.882,46 €	0,00 €	0,00 €	15.776.784,72 €

A situación dos contratos a 31 de decembro de 2021 é a seguinte:

TIPO DE CONTRATO	PTE. ADXUDICAR 1 XANEIRO	CONVOCADO	ADXUDICADO	DESERTO	BAIXAS DE ADXUDICACIÓN	PTE DE ADXUDICAR A 31 DE DECEMBRO
De obras	7.723.660,97 €	5.079.150,35 €	7.822.834,65 €	971.567,26 €	1.387.080,61 €	2.621.328,80 €
Xestión e servizos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
De subministración	78.960,00 €	124.866,74 €	191.920,62 €	0,00 €	11.906,12 €	0,00 €
Consultaría e asistencia	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Servizos	7.889.484,28 €	1.286.893,60 €	7.762.029,45 €	0,00 €	1.414.348,43 €	0,00 €
Convenios de Colaboración	0,00 €	150.545,56 €	0,00 €	64.060,92 €	0,00 €	86.484,64 €
TOTAL	15.692.105,25 €	6.641.456,25 €	15.776.784,72 €		2.813.335,16 €	2.707.813,44 €



Muxía

3.8.2. PERSOAL DE PORTOS DE GALICIA



Carnota

CONCEPTO	Nº DE EMPREGADOS	EUROS
100 Retribucións a altos cargos	2	114.989,70 €
120 Retribucións persoal funcionario	1	31.164,24 €
130 Retribucións persoal laboral fixo	62	2.169.447,63 €
131 Retribucións persoal laboral eventual	52	1.387.500,01 €
160 Cotizacións sociais		1.009.678,92 €
161 Indemnizacións		0,00 €
162 Formación e perfeccionamento		3.192,30 €
	116	4.715.972,80 €

4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA


4.1. Obras portuarias 29

4.2. Outras obras menores 43

4.1. OBRAS PORTUARIAS

Desde a área de Infraestruturas de Portos de Galicia impulsáronse ao longo de 2021 un total de 23 actuacións maiores, das que 10 quedaron rematadas antes de final de ano e o resto permanecen en execución a 31 de decembro.

A continuación figuran as fichas técnicas das obras maiores executadas e en execución ao longo de 2021.



PORTO	TÍTULO DA OBRA	ORZAMENTO	INICIO DE OBRA	FIN DE OBRA	ESTADO A 31 DE DECEMBRO
⚓ A GUARDA	Mellora funcional da rampla de varada na Guarda	180.290,00 €	13/11/21		En execución
⚓ AGUETE	Reposición de 2 módulos de dique flotante no porto de Agüete	193.593,95 €	19/11/21		En execución
⚓ BURELA	Acondicionamento de nave de reparación de redes no peirao norte do porto de Burela	267.034,90 €	2/3/21	30/9/21	Executada
⚓ CANIDO	Nova lonxa no porto de Canido	252.691,32 €	28/9/21		En execución
⚓ CANIDO	Dragaxe no porto de Canido	144.187,84 €	1/4/22	4/8/21	Executada
⚓ O CARRIL	Dragaxe no porto de Carril	476.927,22 €	7/7/21		En execución
⚓ VIVEIRO-CELEIRO	Cambio de cuberta do edificio náutico pesqueiro no porto de Celeiro	302.388,64 €	23/11/21		En execución
⚓ LAXE	Dragaxe no porto de Laxe	3.662.094,04 €	11/10/19		En execución
⚓ MALPICA DE BERGANTIÑOS	Reforzo estrutural do vial interior do porto de Malpica de Bergantiños	337.000 €	6/11/21		En execución
⚓ MOAÑA	Nova pasarela no porto de Moaña	439.586,95 €	28/5/21	25/1/22	Executada
⚓ MUXÍA	Reposición da cuberta da lonxa de Muxía	193.799,55 €	4/6/21	3/12/21	Executada

Continúa na páxina seguinte >>

PORTO	TÍTULO DA OBRA	ORZAMENTO	INICIO DE OBRA	FIN DE OBRA	ESTADO A 31 DE DECEMBRO
🚢 O GROVE	Dragaxe no porto do Grove	127.871,77 €	1/4/21	30/7/21	Executada
🚢 PONTECESURES	Construción dun pantalán para servizo á pasaxe e ampliación do pantalán da escola de remo en Pontecesures	97.223,50 €	9/4/21	26/07/21	Executada
🚢 PORTO DO SON	Acondicionamento do borde portuario de Porto do Son	4.374.724,49 €	21/7/20		En execución
🚢 RIANXO	Edificio de departamentos para usuarios no porto de Rianxo	1.972.300,00 €	24/2/21		En execución
🚢 RIBEIRA	Reordenación do paseo das Carolinas e do parque García Bayón no concello de Ribeira	441.833,97 €	23/9/20	15/10/21	Executada
🚢 RIBEIRA	Reordenación interior da lámina de auga en Ribeira	1.252.350,00 €	21/1/21		En execución
🚢 TESTAL	Reforma e mellora de instalacións aboiantes de atraque no porto de Testal	355.740,00 €	1/4/21	9/11/21	Executada
🚢 VALGA	Embarcadoiro en Valga	303.350,84 €	28/5/21	6/12/21	Executada
🚢 VARIOS	Ampliación, reforma e mellora de instalacións aboiantes de atraque en Sada-Fontán, A Pobra do Caramiñal e Rianxo	1.958.990,00 €	26/11/21		En execución
🚢 VARIOS	Ampliación, reforma e mellora de instalacións aboiantes de atraque en Corme, Pontedeume, Fisterra, O Freixo, Muros, Miño, Betanzos e Corcubión	1.294.700,00 €	13/4/21		En execución
🚢 VARIOS	Mellora de defensas e escalas en Muxía, Camariñas e Ribeira	436.790,64 €	22/5/21		En execución
🚢 VARIOS	Reposición de elementos de protección en varios portos	153.063,31 €	13/4/21	31/12/21	Executada

4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA

TIPOLOXÍA DE INVERSIÓNS	
Interacción porto-cidade	3.889.314,01 €
Dragado	1.766.435,72 €
Seguridade portuaria	3.791.647,11 €
Proxecto europeo	355.335,99 €
Proxectos	311.070,48 €
Pavimentación	131.246,07 €
TIC	89.761,00 €
Outros	30.100,36 €
TOTAL	10.364.910,74 €



Punta Nariga



Porto de Viveiro

A GUARDA

Mellora funcional da rampla de varada



As obras consisten na ampliación da rampla de varada, así como a reparación de descalces no peirao e escaleiras anexos, o rexuntado de muros e a reparación do pavimento da rampla existente en zonas deterioradas.

- Ampliación da rampla de varada: Consiste na prolongación da rampla nunha lonxitude de 18,50 m nun ancho de 35 m, entre as cotas +0,60 e - 1,00. Proxéctase mediante un muro perimetral de formigón somerxido. Previamente realízase a dragaxe necesaria para acadar a profundidade de cimentación.



- Dragaxe
Na fronte do acceso á rampla ata acadar unha cota de -1,00 m. A superficie a dragar é de 952,14 m² cun volume estimado de 451,43 m³.

- Recalzamentos
Procédese ao saneo e á limpeza dos ocos, colocación de armaduras de suxeición e encofrados, para posteriormente bombear formigón somerxido HM-30.

- Rexunteo de muros.

Realizarase un rexunteo no paramento exterior do peirao de descarga, tanto na parte somerxida como na emerxida.


- Reposición de pavimentos na rampla existente.

O obxecto desta actuación é a mellora das condicións de traballo do porto e o acceso ao mar.

PORTO
A GUARDA
Mellora funcional da rampla de varada na Guarda
Orzamento
180.290,00 €
Inicio De Obra
13/11/21
Estado
En execución

AGUETE

Reposición de dous módulos de dique flotante



As obras consisten na construción e instalación de 40 metros de dique flotante de formigón tipo caixa mediante 2 módulos de 5 m de ancho e 20 m de lonxitude cada un.

Estes módulos fornecerase en provisión nas instalacións que Portos de Galicia posúe no porto de Aguete para o seu posterior fondeo e colocación mediante mortos de formigón de 10 toneladas (4 para cada módulo) e cadeas de aceiro de grao 3 de 44 mm de diámetro.

O obxecto desta actuación é a mellora das condicións de abrigo do porto.

PORTO
AGUETE
Reposición de 2 módulos de dique flotante no porto de Aguete
Orzamento
193.593,95 €
Inicio De Obra
19/11/21
Estado
En execución

BURELA

Acondicionamento da nave de reparación de redes no peirao norte



As obras consisten fundamentalmente na substitución da envolvente da nave de redes do porto de Burela e a rehabilitación da estrutura.

As obras comezaron coa demolición das partes a retirar do edificio, a cuberta, as fachadas e as instalacións.

No lugar da cuberta actual instalárase unha nova formada por panel sándwich de aluminio lacado con illamento interior de espuma de poliuretano. Instalárase un lucernario central de policarbonato.

A fachada substituírase por panel prefabricado de formigón armado de 14 cm de espesor, apoiado sobre un murete de formigón armado *in situ*.

Colocáronse novas portas de acceso corredeiras realizadas en aluminio e instaláranse ventás formadas por paneis de policarbonato.

Renovarase as instalacións eléctricas, de alumeado, fontanería e saneamento.



PORTO BURELA

Acondicionamento de nave de reparación de redes no peirao norte do porto de Burela

Orzamento
267.034,90 €

Inicio De Obra
2/3/21

Fin de obra
30/9/21

Estado
Executada

4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA

CANIDO

Nova lonxa no porto



PORTO CANIDO

Nova lonxa no porto de Canido

Orzamento
252.691,32 €

Inicio De Obra
28/9/21

Estado
En execución

As obras consisten na construción dun novo edificio para lonxa e usos complementarios, como local e oficinas, para substituír ao anterior, tras o derrubamento da súa cuberta en 2019 e posterior demolición da parte de edificación afectada.

O novo edificio sitúase na explanada da zona portuaria de Canido, no entorno do peirao pesqueiro.


Formúlase unha edificación de planta baixa e forma rectangular, de dimensións 22,40 x 7,20 m, cunha superficie construída de 161,31 m². Albergará a

zona de vendas da lonxa, a cámara frigorífica, zona de lavado, local de instalacións, a oficina da confraría, vestiarios masculino e feminino, un aseo e a oficina da asociación, dotada de aseo propio.

O edificio contará con dous accesos peonís dende a vía pública na fachada norte, e un acceso de mercadorías, con porta peonil, na fachada oeste. Neste acceso á zona de venda construírase un soportal de 11,52 m². Os vestiarios masculino e feminino están dimensionados para 5 e 3 persoas, respectivamente.

CANIDO

Dragaxe no porto



PORTO
CANIDO
Dragaxe no porto de Canido
Orzamento
144.187,84 €
Inicio De Obra
1/4/22
Fin de obra
4/8/21
Estado
Executada

As obras consisten na dragaxe de zonas da dársena de Canido ata acadar a cota -2 m sobre a BMVE.


Proxéctase a dragaxe de area fina e area lamosa en parte da dársena ata acadar a cota -2,00 con respecto á BMVE, sendo o volume total a dragar da orde de 6 mil m³ nunha superficie de 3.806 m². Segundo a tramitación ambiental realizada e o proxecto, proxéctase que o transporte e vertedura deste material se realiza no punto E8?, chamado comunmente Sálvora.

O CARRIL

Dragaxe no porto

As obras consisten na dragaxe da dársena de Carril ata acadar a cota -2 m sobre a BMVE na zona sur da dársena.

Proxéctase a dragaxe de area fina, grosa, cantos e area lodosa en parte da dársena ata acadar a cota -2,00 con respecto á BMVE na zona sur da dársena, sendo o volume estimado a dragar próximo aos 17 mil m³ nunha superficie de 16.836 m². Segundo a tramitación ambiental realizada e o proxecto, proxéctase que o transporte e vertedura deste material se realiza no punto E8?, chamado comunmente Sálvora.



PORTO
O CARRIL
Dragaxe no porto de Carril
Orzamento
476.927,22 €
Inicio De Obra
7/7/21
Estado
En execución



VIVEIRO - CELEIRO

Cambio de cuberta do edificio náutico-pesqueiro



VIVEIRO-CELEIRO

PORTO
VIVEIRO-CELEIRO
Cambio de cuberta do edificio náutico-pesqueiro no porto de Celeiro
Orzamento
302.388,64 €
Inicio De Obra
23/11/21
Estado
En execución

As obras consisten na construción dunha nova cuberta no edificio náutico-pesqueiro do porto de Celeiro, que actualmente presenta problemas de estanquidade por deterioro da cuberta actual, construída con paneis de fibrocemento.

Co fin de mellorar as condicións do edificio, o proxecto contempla a citada substitución da cuberta, así como a disposición de novos canlóns e outras reparacións en fachada e estrutura.

O proxecto inclúe as seguintes actuacións:

- › Cubertas. Retirada dos paneis das cubertas existentes e substitución por panel sándwich de 50 mm de espesor con protección HPS para ambiente mariño.

- › Pintado da fachada con imprimación a base de resina acrílica, tratamento antisalitre e revestimento elástico a base de resinas acrílicas fotoreticulantes.
- › Substitución de elementos de fachada na zona de almacenamento por paneis de policarbonato.
- › Saneado da escaleira metálica mediante chorreo de superficies e aplicación de tratamento antioxidante de ambiente mariño e reforzo con perfís en zonas carentes de sección.
- › Reposición de instalacións afectadas polas obras: luminarias, antenas e emerxencias.

4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA

LAXE

Dragaxe no porto



LAXE

PORTO
LAXE
Dragaxe no porto de Laxe
Orzamento
3.662.094,04 €
Inicio De Obra
11/10/19
Estado
En execución



As obras consisten na dragaxe da dársena do porto á cota -5 e á -3 na zona próxima ao peirao da lonxa.

Concretamente, trátase dunha dragaxe duns 43.400 m³ de rocha para deixar a dársena á cota -5 e a zona próxima ao peirao da lonxa á -3. Para realizar esta dragaxe é preciso desmontar o pantalán e pasarela, que serán reinstalados unha vez finalizada a dragaxe.

O obxecto desta obra é, ademais, a mellora do abrigo do porto evitando baixadas súbitas do nivel do mar, un efecto producido pola dispersión de onda longa que xerou episodios de falta de seguridade.

MALPICA DE BERGANTIÑOS

Reforzo estrutural do vial interior de Malpica de Bergantiños



PORTO
MALPICA DE BERGANTIÑOS
Reforzo estrutural do vial interior do porto de Malpica de Bergantiños
Orzamento
337.000 €
Inicio De Obra
6/11/21
Estado
En execución



O obxecto do proxecto é o reforzo estrutural do vial interior, de forma que asuma as cargas de deseño asociadas a tráfico pesado (vehículo de 40 tn), así como a reparación de patoloxías na estrutura.

As actuacións para realizar consisten en:

- Disposición duns pórticos metálicos nos vans que permitan acurtar a luz, co fin de reforzar a estrutura existente para asumir as cargas de deseño asociadas a tráfico pesado.
- Reparación das patoloxías observadas en toda a estrutura. Estas actuacións inclúen a reparación das relacionadas con procesos de corrosión e a substitución da viga cantil existente.

MOAÑA

Nova pasarela no porto



PORTO
MOAÑA
Nova pasarela no porto de Moaña
Orzamento
439.586,95 €
Inicio De Obra
28/5/21
Fin de obra
25/1/22
Estado
Executada

As obras consisten na construción de dúas novas pasarelas peonís no borde litoral da zona portuaria de Moaña. Deséñanse con estrutura de formigón e aceiro, dotadas cunha tarima de material composto. A actuación inclúe a eliminación de dúas pasarelas de madeira existentes, deterioradas polo paso do tempo.

A actuación divídese en dúas zonas: unha na zona de coeira, e a outra na zona de praia, na que o voladizo dispónse sobre un muro de mampostería.

Na zona de coeira dispóñense dúas escaleiras de acceso ao mar situadas en carreira de marea, que se deseñan con aceiro inoxidable.

Na zona de praia constrúese unha nova escaleira nun dos laterais, con bloques de granito, e elimínase unha rampla de madeira para construír unha nova rampla formada por elementos de aceiro e laxas de formigón prefabricado.

MUXÍA

Reposición da cuberta da lonxa



PORTO
MUXÍA
Reposición da cuberta da lonxa de Muxía
Orzamento
193.799,55 €
Inicio De Obra
4/6/21
Fin de obra
3/12/21
Estado
Executada


As obras consisten na renovación das cubertas lixeiras e do revestimento da fachada, así como na reparación de elementos estruturais afectados por corrosión na lonxa de Muxía.

A obra comprende diversas actuacións que engloban o desmonte de revestimentos, así como o saneo con chorro de area de elementos estruturais metálicos e substitución dalgúns deles e tamén pintura de protección autocorrosión. Ademais, actúase na renovación dos chanzos de acceso á planta alta e reparación de muros de carga.



O GROVE

Dragaxe no porto



PORTO
O GROVE
Dragaxe no porto do Grove
Orzamento
127.871,77 €
Inicio De Obra
1/4/21
Fin de obra
30/7/21
Estado
Executada

As obras consisten na dragaxe da dársena do Grove ata acadar a cota -2 m sobre a BMVE.

Proxéctase a dragaxe de area fina e area lamosa en parte da dársena ata acadar a cota -2,00 con respecto á BMVE, sendo o volume total a dragar da orde de 4 mil m².

O material dragado depositarase no punto E8, tradicionalmente chamado Sálvora.

PONTECESURES

Construción dun pantalán para servizo á pasaxe e ampliación do pantalán da escola de remo


As obras consisten na ampliación das instalacións de atraque no porto de Pontecesures mediante a creación dun novo pantalán para servizo de pasaxe ligada á *ruta de peregrinación fluvial do Camiño de Santiago*, que actualmente préstase dende o pantalán pesqueiro; e na ampliación do pantalán de remo existente.

Novo pantalán para pasaxe:

- Instalación dun novo pantalán fronte á praza de Abastos da localidade que incluírá unha pasarela de 16 m de lonxitude e 1,5 m de ancho, que se apoiará sobre 3 módulos de pantalán formando un "L", na que o brazo curto será a zona de desembarco da pasarela e o brazo longo destinarase á zona de atraque. Os pantaláns de atraque serán de 12,00x3.25 m, mentres que o de desembarque da pasarela será de 6x3.00 m. Estarán fabricados en estrutura de aluminio e pavimento técnico e contarán con cornamusas de 8.5 tn de tiro.

Ampliación do pantalán de remo:

- Ampliación do pantalán de embarcacións deportivas mediante un módulo de 12,00x3,00 m, de estrutura de aluminio de características similares ao existente, o cal se fixará mediante o fincado dun pilote de Ø508 mm.



PORTO
PONTECESURES
Construción dun pantalán para servizo á pasaxe e ampliación do pantalán da escola de remo en Pontecesures
Orzamento
97.223,50 €
Inicio De Obra
9/4/21
Fin de obra
26/07/21
Estado
Executada

PORTO DO SON

Acondicionamento do borde portuario



As obras consisten no acondicionamento do borde portuario do porto de Porto do Son. Inclúen a actuación nunha superficie de 25.843 m², dos que 21.041 están dentro do deslinde portuario e 4.802 dentro dos espazos urbanizados polo Concello de Porto do Son e pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).

O proxecto inclúe toda a ordenación e repavimentación da zona portuaria máis en contacto coa vila. Inclúe, tamén, a construción dun edificio de servizos de 442 m² útiles interiores dividido en dous locais independentes.

PORTO
PORTO DO SON
Acondicionamento do borde portuario de Porto do Son
Orzamento
4.374.724,49 €
Inicio De Obra
21/7/20
Estado
En execución

RIANXO

Edificio de departamentos para usuarios



	PORTO
	RIANXO
	Cambio de cuberta do edificio náutico pesqueiro no porto de Celeiro
	Orzamento
	1.972.300,00 €
	Inicio De Obra
	24/2/21
	Estado
	En execución

As obras consisten na demolición de dous edificios de antigos departamentos, que superaran a súa vida útil, e que se construíron de bloque e cuberta de fibrocemento.

Posteriormente procederase á construción de dous novos bloques de 24 departamentos cada un, con mellor calidade construtiva e maior integración na contorna. Esta construción dá cobertura ás actuais necesidades do sector profesional de Rianxo nesta cuestión.

Os novos departamentos serán de 22 m² de superficie útil e contarán con instalación de auga, electricidade, saneamento e preinstalación de telecomunicacións.



Durante as obras acomodaranse temporalmente os usuarios dos departamentos. Unha vez máis, buscamos mellorar as condicións de traballo do sector portuario.

RIBEIRA

Reordenación do paseo das Carolinas e do parque García Bayón



	PORTO
	RIBEIRA
	Reordenación do paseo das Carolinas e do parque García Bayón no concello de Ribeira
	Orzamento
	441.833,97 €
	Inicio De Obra
	23/9/20
	Fin de obra
	15/10/21
	Estado
	Executada

Reordenación do Paseo das Carolinas e o parque García Bayón, dando preferencia ao peón fronte ao tráfico rodado, conferíndolle aos viais o carácter urbano que lle corresponde, pero sen esquecer as necesidades de acceso ao porto.

Tamén se contempla a execución dun carril bici para tentar unir o existente no Paseo do Touro co Paseo de Coroso, dando así continuidade ao mesmo ao longo de toda a fachada marítima do centro urbano.

As obras buscan a convivencia do sector profesional portuario e a contorna urbana, ademais de mellorar a mobilidade.

RIBEIRA

Reordenación interior da lámina de auga



As obras consisten na reordenación da dársena do porto de Ribeira, coa ampliación dos pantaláns de descarga, de 3ª, de 7ª e de 4ª lista, o traslado do dique flotante e a instalación dun pantalán para embarcacións institucionais.

En total, créanse 75 atraques de 3ª lista, 8 de 4ª lista e 3 de 7ª lista; e 4 prazas para embarcacións institucionais.

Ademais, inclúese a dotación de torretas de subministro e iluminación aos pantaláns. As torretas dos pantaláns profesionais estarán dotadas de sistemas intelixentes de control de consumos. Nos portalóns de acceso instalarase tamén un sistema de control de accesos. Nos pantaláns pesqueiros e no de descarga instalárase un sistema de iluminación por medio de farois abatibles.

PORTO
RIBEIRA
Reordenación interior da lámina de auga en Ribeira
Orzamento
1.252.350,00 €
Inicio De Obra
21/1/21
Estado
En execución

TESTAL

Reforma e mellora de instalacións aboiantes de atraque



As obras consisten na ampliación, reforma e mellora das instalacións de atraque do porto de Testal, en Noia (A Coruña).

Substituirase o pavimento actual dos pantaláns por un de compostos plásticos e filler vexetal.

Melloraranse os servizos dos pantaláns mediante a disposición dunha canaleta de servizos, a posta en funcionamento das torretas existentes, a instalación dun sistema de control de accesos e a instalación de iluminación. Ademais do anterior, substituiranse rodetes e tacos de unión de módulos e realizarase a limpeza dos flotadores, a limpeza e repintado de pilotes, a instalación de escadas abatibles e, finalmente, disporase unha baliza no extremo do pantalán.



PORTO
TESTAL
Reforma e mellora de instalacións aboiantes de atraque no porto de Testal
Orzamento
355.740,00 €
Inicio De Obra
1/4/21
Fin de obra
9/11/21
Estado
Executada

VALGA

Embarcadero



PORTO
VALGA
Embarcadero en Valga
Orzamento
303.350,84 €
Inicio De Obra
28/5/21
Fin de obra
6/12/21
Estado
Executada


As obras consisten na instalación dun pantalán de 24 m de lonxitude para pasaxe e o acondicionamento do acceso ás instalacións mediante un camiño de saburra.

Na zona do antigo embarcadero, realizarase un muro de cara vista de mampostería por diante do muro existente de ladrillo, que quedará enterrado. Esta superficie, duns 316 m² pavimentarase con lastras de granito colocado con morteiro sobre unha base de formigón. Nesta zona colocaranse 5 bancos que servirán para delimitar o aparcamento. Instalarase tamén unha varanda de protección de madeira e escavas nas árbores que se manteñen na explanada.

Ao embarcadero accederase por unha pasarela de 33 m de lonxitude e 2,5 m de ancho realizada en estrutura de aluminio. Desde esta accederase ao pantalán de estrutura de aluminio de 24x3 metros por medio dunha pasarela articulada de 16 m de lonxitude e 1,5 m de anchura.

VARIOS PORTOS

Ampliación, reforma e mellora de instalacións aboiantes de atraques



As obras consisten na ampliación, reforma e mellora das instalacións de atraque dos portos de Sada-Fontán, Rianxo e A Pobra do Caramiñal.

Por portos, as actuacións contempladas serán:

Porto de Sada-Fontán

- Realizarase unha ampliación do pantalán de xestión directa con instalación de 6 módulos e 14 *fingers*, redistribuíndo os *fingers* existentes para aumentar a anchura das prazas, así como o número de prazas.

Porto de Rianxo

- Ampliaranse dous pantaláns pesqueiros cun novo módulo en cada un, e instalaranse *fingers* en todos eles, ademais de substituír o tren de fondeo dos pantaláns por pilotes metálicos, dando maior seguridade á instalación.

Porto de A Pobra do Caramiñal

- Realizarase unha instalación de *fingers* nos pantaláns mexilloeiros, adaptados ás novas embarcacións. Estes *fingers* precisan o fincado de pilotes.

Ademais, nos tres casos substituirase o pavimento actual por un de compostos plásticos e filler vexetal, realizarase a instalación de sistema de control de accesos e colocaranse escadas abatibles, entre outras melloras.

PORTO
VARIOS
Ampliación, reforma e mellora de instalacións aboiantes de atraque en Sada-Fontán, A Pobra do Caramiñal e Rianxo
Orzamento
1.958.990,00 €
Inicio De Obra
26/11/21
Estado
En execución

VARIOS PORTOS

Mellora de defensas e escalas



PORTO

VARIOS

Mellora de defensas e escalas en Muxía, Camariñas e Ribeira

Orzamento

436.790,64 €

Inicio De Obra

22/5/21

Estado

En execución

As obras consisten na instalación de 92 defensas de caucho tipo VA-300-H de 4,1 m de lonxitude, 12 escalas de caucho con pasos de aceiro inoxidable e 7 escalas realizadas completamente en aceiro inoxidable.

Os traballos están formados polas seguintes actuacións:

Muxía:

- Instalación de 25 defensas de caucho tipo VA-300-H de 4,1 m de lonxitude, 4 escalas de caucho con pasos de aceiro inoxidable e 5 escalas realizadas completamente en aceiro inoxidable.

Camariñas:

- Instalación de 12 defensas de caucho tipo VA-300-H de 4,1 m de lonxitude e 4 escalas de caucho con pasos de aceiro inoxidable.

Ribeira:

- Instalación de 55 defensas de caucho tipo VA-300-H de 4,1 m de lonxitude, 4 escalas de caucho con pasos de aceiro inoxidable e 2 escalas realizadas completamente en aceiro inoxidable.

Previamente á instalación destes elementos teranse retirado as defensas de rosario actuais e as escalas en mal estado que se van substituír.

VARIOS PORTOS

Reposición de elementos de protección



PORTO

VARIOS

Reposición de elementos de protección en varios portos

Orzamento

153.063,31 €

Inicio De Obra

13/4/21

Fin de obra

31/12/21

Estado

Executada

En concreto, a actuación abrangue melloras para 69 dos 122 portos autonómicos e afecta ás 3 provincias costeiras.

Os traballos consisten na retirada e reposición de 1.500 metros de varandas e pasamáns situados en distintos puntos dos peiraos autonómicos como elementos de seguridade e que presentaban danos debido á corrosión provocada pola salitre ou afectacións derivadas do seu uso.

VARIOS PORTOS

Ampliación, reforma e mellora de instalacións aboiantes de atraques



PORTO VARIOS

Ampliación, reforma e mellora de instalacións aboiantes de atraque en Corme, Pontedeume, Fisterra, O Freixo, Muros, Miño, Betanzos e Corcubión

Orzamento

1.294.700,00 €

Inicio De Obra


13/4/21

Estado

En execución

As obras consisten na nova construción, ampliación, reforma das instalacións de atraque dos portos de Corme, Pontedeume, Fisterra, O Freixo, Muros, Miño, Betanzos e Corcubión.

Inclúen a renovación de pavimentos, saneado de pilotes, renovación e limpeza de flotadores, escadas abatibles, balizas e instalación de alumeados, segundo as necesidades concretas de cada un dos portos.



4.2. OUTRAS OBRAS MENORES

DESCRICIÓN	CONVOCADO 2021	ADXUDICADO 2021 *
Varias reparacións en pantaláns dos portos de Agüete, Beluso, Cangas, Moaña, Meira, Cesantes e Baiona	20.000,00 €	15.436,80 €
Reposición parcial da cuberta da lonxa vella do porto de Sada-Fontán	35.000,00 €	32.148,13 €
Actuacións de conservación e instalación de novos elementos en sinais marítimos de balizamento nos portos de Camelle, Lorbé, Agüete, Moaña, Ortigueira, Perbes, Porto do Son e As Corbaceiras	39.861,00 €	34.182,50 €
Melloras do peche perimetral da instalación PBIP da Pobra do Caramiñal	9.951,00 €	9.951,00 €
Ribeira. Novas acometidas de abastecemento de auga no peirao da fábrica de xeo do porto de Ribeira	5.900,00 €	5.665,00 €
Mellora da cuberta da lonxa do porto de Rianxo	39.950,00 €	37.969,53 €
Pavimentación da explanada do peirao da lonxa no porto de Vilanova	32.000,00 €	29.800,00 €
Ribeira. Memoria e reforzo do pavimento da terraza exterior da lonxa nova do porto de Ribeira	37.214,46 €	33.161,40 €
Instalación de fitos identificativos dos portos xacobeos	39.200,00 €	31.211,60 €
Instalación de anelas de aceiro no dique flotante do porto da Pobra do Caramiñal	21.550,00 €	18.850,00 €
Instalación de novos elementos para o amarre en pantaláns e ramplas dos portos da Illa de Arousa	10.456,00 €	12.981,68 €
Repintado da sinalización horizontal existente en varios portos da zona sur	39.525,00 €	35.640,00 €
Subministro e instalación dun novo pavimento nas instalacións náuticas do porto de Barallobre	39.995,74 €	39.458,31 €
Construción de 15 almacéns descubertos no porto da Guarda para o depósito de aparellos e equipamento	26.160,00 €	22.759,20 €
Demolición de rampla na praia dos barcos, porto de Sanxenxo	17.675,00 €	15.471,00 €
Melloras para a actividade profesional pesqueira no porto da Pasaxe	23.400,00 €	18.600,00 €
Reparación de pantalán no porto de Meloxo	9.000,00 €	7.843,98 €
Reposición das liñas de amarre das embarcacións atracadas no pantalán recreativo do porto de Portonovo	8.000,00 €	6.849,50 €
Rehabilitación e adecuación da cuberta no corpo central da lonxa do porto de Arcade	30.559,44 €	24.916,65 €
Rehabilitación da rampla de varada no paseo dos barcos, porto de Sanxenxo	8.300,00 €	8.240,00 €
Reparación de cuberta metálica do galpón exterior da nave de redes de Expomar no porto de Burela	5.503,28 €	5.407,00 €
Peche e sinalización da parcela para varada de embarcacións no porto do Grove	20.290,00 €	18.054,70 €
Sostemento dos vanos 1 e 2 na dársena interior de Malpica de Bergantiños	39.827,92 €	39.827,92 €

* Sen IVE



Baiona

DESCRICIÓN	CONVOCADO 2021	ADXUDICADO 2021 *
Cedeira. Reforzo de cuberta de zinc da lonxa	15.578,93 €	15.578,93 €
Reforma do pantalán pesqueiro P-1 no porto de Bueu	19.740,00 €	15.590,00 €
Instalación de novos elementos para o amarre en pantaláns e ramplas dos portos da Illa de Arousa	14.824,00 €	13.740,00 €
Retirada de area acumulada no costado do espigón-contradique do porto de Laxe e depósito dela no extremo este da praia da que se trata	10.965,00 €	10.855,00 €
Reparación de varios pilotes nos pantaláns do porto deportivo de Beluso	17.136,00 €	12.900,00 €
Subministro e instalación de plataforma metálica de acceso ao pantalán de pasaxe no porto deportivo de Viveiro	6.458,51 €	6.250,00 €
Mantemento dos pilotes nos pantaláns dos portos de Cangas, Meloxo, Meira, Portonovo, Vilaxoán e Santa Cristina	27.300,00 €	21.576,06 €
Subministro e instalación de novos brazos de amarre nos pantaláns número 2 e 4 do porto de Burela	39.995,28 €	39.315,40 €
Reparación do pavimento das ramplas de descarga no porto de Meloxo	11.090,00 €	10.241,00 €
Reparación de descalce na escaleira do peirao de descarga da lonxa de Malpica	15.133,80 €	12.950,00 €
Novos vestiarios na lonxa de Barallobre	39.180,43 €	37.926,66 €
Novo recinto parcela Marpol en Cariño	18.314,67 €	18.300,00 €
Reordenación do porto de Palmeira: aparcamento e vial de acceso.	39.508,45 €	38.524,07 €
Reparación de sinistro na pilon do porto deportivo	4.720,00 €	4.720,00 €

Continúa na páxina seguinte >>

DESCRICIÓN	CONVOCADO 2021	ADXUDICADO 2021 *
Emenda de deficiencias nas instalacións de alta tensión de varios portos	8.513,39 €	8.500,00 €
Reforzo estrutural da instalación náutica número 2 do porto de Porcillán (Ribadeo)	33.047,05 €	29.165,00 €
Melloras na seguridade do edificio no porto de Beluso	10.829,00 €	10.230,50 €
Modificación dos pantaláns náutico-recreativos de Cangas para albergar embarcacións de maior eslora	39.800,00 €	36.702,15 €
Reparación de rampla de varada no porto de Fisterra	30.667,26 €	23.980,00 €
Reconstrución parcial de pavimento e muro de rampla no porto de Pontecesures	17.471,80 €	14.667,50 €
Reparación parcial dun pavimento de formigón no porto do Xufre	8.220,00 €	8.125,00 €
Instalación de novas correas e falso teito en departamento de reparación de redes do porto de Sada-Fontán	15.500,00 €	14.943,00 €
Pavimentado de dúas superficies no porto de Vilaxoán	31.482,00 €	24.955,78 €
Pavimentado do vial de acceso ao porto de Pontecesures	11.513,43 €	8.921,76 €
Reparación da cuberta do edificio de departamentos para usuarios no porto de Bueu	24.978,95 €	23.694,21 €
Novo investimento na mellora da cuberta da nave de redes do porto do Vicedo	30.966,93 €	29.342,55 €
Pavimentación de explanadas, vías e aparcadoiros no porto do Xufre	39.675,00 €	35.390,10 €
Obra de demolición de edificio situado na zona de servizo do porto de Cariño	38.157,08 €	38.000,00 €
Plan de acción na sinalización horizontal, ano 2021, nos portos da zona norte	28.427,79 €	16.324,42 €
Novo investimento para construción dunha rampla no porto de Portochico (Foz)	29.477,07 €	24.564,22 €
Reparación de banquetta dos pórticos do porto de Malpica de Bergantiños	38.600,00 €	38.600,00 €
Ares. Retirada e despezamento dun barco afundido no porto	2.500,00 €	2.490,00 €
Celeiro. Reforzo do alumeado do peirao norte	39.924,46 €	39.797,63 €
Mugardos. Novo control de acceso a peiraos e reordenación da circulación viaria	26.376,15 €	25.030,96 €
Corrección das deficiencias da instalación eléctrica de varios portos da Coruña	13.403,32 €	13.403,32 €
Reparación descalce rampla de varada por efecto dos temporais de 2020	6.208,24 €	5.999,67 €
Varios. Control de acceso a instalacións náuticas. Zona norte	4.745,77 €	4.668,61 €
Pavimentación de explanada no porto de Cesantes	12.829,49 €	11.322,50 €
Reparación do sistema de fondeo do pantalán situado no porto de Agüete	27.429,46 €	24.350,00 €
Rehabilitación da envolvente do edificio das redeiras no porto da Guarda	39.971,04 €	39.873,04 €
Corrección das deficiencias da instalación eléctrica en varios portos	3.346,50 €	3.346,50 €
Reparación de pantaláns nos portos de Cambados e Combarro	6.000,00 €	5.471,85 €
Palmeira. Reparación dos pantaláns para embarcacións menores no porto de Palmeira	11.040,76 €	10.046,50 €

* Sen IVE

4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA

DESCRICIÓN	CONVOCADO 2021	ADXUDICADO 2021 *
Lorbé e Brens. Mellora e reforzo das ramplas de varada dos portos de Brens e Lorbé	35.035,21 €	30.585,80 €
Mellora, reforzo e adecuación da escolleira e muro no porto de Suevos	23.430,00 €	23.430,00 €
Corrección das deficiencias da instalación eléctrica en portos do Barbanza	19.105,43 €	19.105,43 €
Malpica. Reparación da comporta da dársena do porto de Malpica	18.500,00 €	18.500,00 €
Reparación dos sistemas de control dos accesos rodados aos portos de Portonovo, Cangas, Baiona e Bueu	7.200,00 €	6.780,20 €
Nova cuberta da aula de formación do porto de Corcubión	7.500,00 €	7.020,00 €
Reparación dos soportes da pasarela fixa de acceso aos pantaláns do porto de Santa Cristina	25.200,00 €	21.360,00 €
Pasarela de acceso ao pantalán para barqueo do porto de Agüete	10.500,00 €	9.585,02 €
Execución de obras previas para o futuro saneamento no peirao de Porto do Son	3.339,20 €	3.328,20 €
Burela. Reforzo de firme do peirao comercial na zona de manobra	19.629,31 €	19.261,15 €
Reforzo de pavimento de firme flexible no aparcadoiro e acceso á rampla de Ares	39.905,29 €	39.704,41 €
Viveiro-Celeiro. Reparación de descalce do espigón de Covas	11.878,97 €	11.296,75 €
Reparación do sistema xeral de bombeo de augas residuais no porto de Tragove	5.000,00 €	4.687,03 €
Subministro e instalación de 24 novas portas en aluminio	39.780,00 €	37.804,00 €
Reparación de pantaláns nos portos de Cangas e Moaña	5.963,50 €	5.585,54 €
Mellora e reforzo do pavimento e da sinalización do vial de acceso ao porto de Brens	28.792,39 €	28.677,69 €
Reparación de pavimento de formigón fronte a naves de Galigrain no peirao comercial de Mirasol	11.131,41 €	8.299,19 €
Reparacións urxentes en cubertas de edificacións dos portos de Ribadeo, Foz, Espasante e Cedeira	14.590,37 €	13.923,23 €
Reforma de instalacións da rede de distribución para incorporar as novas instalacións eléctricas no porto de Testal	11.735,16 €	11.735,16 €
Recalzamento do muro de contención do vial de acceso ás instalacións portuarias de Santa María de Oia	5.428,00 €	4.935,00 €
Varias reparacións en zona de servizo dos portos da Guarda, A Pasaxe e Tui	7.150,00 €	6.875,00 €
Varias reparacións en zona de servizo dos portos de Agüete, Aldán, Baiona, Bueu, Cangas, Meira e Moaña	9.830,00 €	8.858,18 €
Varias reparacións en zona de servizo dos portos de Tragove, O Xufre, Pontecesures, Combarro, Portonovo, O Grove, Vilanova, Carril e Pedras Negras	16.984,00 €	14.648,60 €
Refinado dun pilote de finger no pantalán 2 do porto de Vilanova de Arousa	9.000,00 €	8.656,54 €
Corrección das deficiencias da instalación eléctrica dos portos de Vilaxoán, Vilanova de Arousa, Santo Tomé, O Grove, Portonovo e Pedras Negras.	14.742,87 €	14.742,87 €
Reparación do pavimento do aparcamento público no porto da Toxa	7.956,00 €	6.390,00 €



Testal

5. BALANCE DE PLANIFICACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA

5.1. Concesións46

5.2. Delimitación de espazos e usos portuarios 57

5.3. Plans especiais de ordenación portuaria 57

5.4. Convenios Portos de Galicia58

INICIO

5.1. CONCESIÓNs

Ao peche de 2021 nos portos de titularidade autonómica existen máis de 350 concesións en vigor das que 19 foron outorgadas ao longo de dito exercicio. Ademais, realizáronse decenas de modificacións substanciais de concesións e tramitáronse centenas de outorgamentos e modificacións de autorizacións administrativas.

CONCESIÓNs			
Porto	Título	Data de outorgamento	Data de vencemento
